

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de decembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molaes Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTE:

D. Ignacio López-Chaves Castro.

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e nove minutos do día vinte de decembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molaes Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, a interventora Sra. Guarner González e o asesor xurídico, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1619).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias do 19 e 23 de novembro e da ordinaria do 29 de novembro de 2004. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1620).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE AXUDA AOS ENFERMOS PSÍQUICOS “DOA” EN CONCEPTO DE MANTEMENTO DO CENTRO SITO NA RÚA ROMIL 84 PARA O ANO 2004. EXPTE. 1649/101.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo do 30.11.04, conformado polo concelleiro delegado de Facenda e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder á Asociación DOA unha subvención por unha contía de 7.212 .-€ en concepto de mantemento do centro sito na rúa Romil 84 de Vigo para o ano 2004, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias) o no seu defecto co cargo a bolsa xurídica de vinculación.

3(1621).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 3.480 € A FAVOR DO REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO POLA “RECEPCIÓN V SEMANA TROFEO MARTÍN BARREIRO”. EXPTE. 1670/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 9.12.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo do 29.11.04, conformado polo concelleiro da Área de xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura seguinte:

- Factura n.º 120/04, de data 15/11/2004, da empresa “Real Club Náutico de Vigo.” con data de Rexistro Xeral do Concello 26/11/04, polo concepto “Recepción V Semana Trofeo Martín Barreiro”, cun custo total de 3.480 euros, IVE engadido.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de “Real Club Náutico de Vigo”, con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Gastos Organos de Goberno”, por un importe total de 3.480 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de “Real Club Náutico de Vigo”, por importe de 3.480 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.0.226.01.00, “Gastos Organos de Goberno” do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

4(1622).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.361.944,13 € A FAVOR DE DISTINTOS TERCEIROS COMO CONSECUENCIA DOS DIFERENTES GASTOS NOS QUE SE INCURRIRON NOS ÚLTIMOS EJERCICIOS. EXPTE. 100443/140.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 23.11.04 e de acordo co informe-proposta do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal do 26.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na relación que de seguido se transcribe, por un importe total de 1.361.944,13 euros, de conformidade coa documentación que o sustenta.

2º.- Dispoñer o gasto e recoñecer as obrigas a favor dos distintos terceiros que conforman a relación (comeza por RP3 e remata en Gallega de Mobiliario SL) con cargo ás distintas partidas orzamentarias.

ACREEDOR	CONCEPTO	IMPORTE
R.P.3	Gastos publicidad ejercicios anteriores	45.627,00 €
CRUZ BERMELLA	Atrasos 1997 a 2000	17.045,39 €
ESYCSA	“ Actualización mantenim. semafórico	85.640,91 €
ESYCSA	Facturas atrasadas	106.311,02 €
GRUPO 5 S.L.	RC Fra. 96/2003	16.245,03 €
O. CONSTR. DIOS	Balizado playa Vao 2002	11.990,00 €
O. CONSTR. DIOS	“ “ Samil 2003	17.279,36 €
O. CONSTR. DIOS	“ “ Vao 2003	11.989,99 €
PASSCO	Transformador eléctrico Castrelos	5.037,08 €
PROD. E XESTION CULTUR.	Ciclo Xove Vigo Fiestas Cristo	40.600,00 €
SOCIEDAD XERAL AUTORES	Fiestas Cristo Victoria	42.390,30 €
CORREOS Y TELEGRAFOS	Fra. C0300093659	3,78 €
“ “ “	Fra. N030002479	57,80 €
SIMON MUSIC	Fra. 2002066 Produc. 101 Dálmatas	9.593,87 €
NAOS	Fra. V/8 Redac. proyecto edif. Talleres	1.716,51 €
VIGOPRINT	Fra. 266/03 Folletos	417,60 €
VIGOPRINT	Fra. 268/03 Carteles, dípticos...	1.194,38 €
VIGOPRINT	Fra. 267/03 Carteles, dípticos...	2.668,00 €
SONORIZACIONES COLLAZO	Fra.5/2002 Alquiler equipo.	1.046,32 €
“ “ “	Fra. 101/2002 “ “	902,48 €
“ “ “	Fra. 53/2003 “ “	1.046,32 €

“	“	Fra. 10/2003 “	“	1.046,32 €
XOMA		Fra. 32/03 Información juvenil		332,16 €
<u>ACREEDOR</u>		<u>CONCEPTO</u>		<u>IMPORTE</u>
DIVERNENO		Fra. E-030/03 Hinchables....		812,00 €
TURNATUR		Fra. 60-2003 Campamento molinos		4.027,40 €
SONORIZACIONES COLLAZO		Fra. 60/03		4.126,96 €
ALGALIA		Fra. X 7 Dinamización juven.		1.519,22 €
BOXER S.L.		Fra. 023/03 Alquiler sillas		348,00 €
EMSAC S.L.		Fra. 0735/03 Alquiler inst. pantalla		2.958,00 €
CARDOMAR		Fra. 723,03 Obras mantenim. Campo Va...		4.036,80 €
CARDOMAR		Fra. 726-03 “ “ Pista Fútbol		7.570,16 €
OBRAS Y CONST.LOS ABETOS		Fra. 12/2003		7.668,92 €
CARDOMAR		Fra. 725-03 Mantenim. campo Meixoe.		7.600,32 €
IMES		Fra. 36100575 Obras campo fútbol		7.564,05 €
TRANSP. ARIDOS PABLO VAL		Fra.105/03 jabre....		8.336,65 €
AURIVIGO S.L.		Fra I-013/03 trabajos AA.VV.Beade		6.100,28 €
AURIVIGO S.L.		Fra. I-014/03 “ pista AA.VV.S	889,17 €	
AURIVIGO S.L.		Fra. I-008/01 suministro jabre		7.701,46 €
AURIVIGO S.L.		Fra. I-011/03 pista petanca		1.478,01 €
AURIVIGO S.L.		Fra. I-012/03 pista petanca		4.370,29 €
CESPA		Fra. 03 VG00091 Materiales		33.764,70 €
ORECO		Fra. 242/03 cubierta campo fútbol Vallad.		9.015,21 €
AUTORIDAD PORTUARIA		Canon ocup. Terrenos portuar.2002		20.248,63 €
VIAJES EROSKI		Fra. 526 viaje Eixo Atlántico		8.954,68 €

RP3	Fra. 0345/03 Xogas en galegoHockey	2.467,49 €
CALDERON SPORT	Fra. 159 material campeonato	8.623,20 €
CALDERON SPORT	Fra. 160 material xogos atlantic.	5.265,90 €
<u>ACREEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
ESTUDIO NAOS ARQUITECT.	Fra.V/17 Proyecto b.....	3.931,48 €
ESTUDIO NAOS ARQUITECT.	Fra. V/15 Redacc. Proyecto....	2.249,40 €
CONSTR. ARIAS HMNOS.	Liquidación pabellón polid. Bouzas	18.993,23 €
AURIVIGO S.L.	Fra. I-010/03 cierre pabellón 6	9.203,90 €
ARIAS HERMANOS	Fra. M-36000/109 cierre pista 6	29.058,08 €
NECSO	Entorno Castillo S.Sebastián	639,60 €
FRAGA, QUIJADA,PORTOLES	RC musealización VRT	13.904,05 €
NECSO	RC Adecuación entorno Castillo S.Sebast.	33.525,22 €
INDEZA	RC rehabilit. Edif. Anexo Castrelos-vest.	3.841,54 €
	RC liquid. construc. Auditorio y cierre...	64.604,20 €
SONORIZAC. COLLAZO	Fras. Atrasadas ejercic. Anter.	1.604,60 €
LOQUILANDIA	“ “ “ “	6.066,80 €
CIRCULO MERCANTIL	“ “ “ “	696 €
COMISIÓN PROCENTENARIO	“ “ “ “	840 €
AUT. PORTUARIA	Canon fras. atrasadas 2000-2001	185.256,74 €
CONST. CRESPO	RC pavimentado cmno. Carballal	26.978,11 €
CONST. CRESPO	“ paviment. Pintor Laxeiro	3.732,32 €
SEIXO	“ renov. Aceras C/Venezuela	16.465,20 €
	“ pavimentado cmno. Medoña	18.243,48 €
SERCOYSA	“ paviment.cmno. playa Mouriscos	4.706,46 €

SERCOYSA	“ paviment. “ Baiona	7.079,33 €
SERCOYSA	“ paviment. C/Marcel. Curras	6.417,19 €
SERCOYSA	“ paviment. Cmno. Poulo	6.770,09 €
<u>ACREEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
SERCOYSA	“ paviment. Cmno. Toxal	5.448,26 €
SERCOYSA	“ paviment. Pondal y Montenegro	19.843,88 €
SERCOYSA	“ paviment. Cmno. Pouleira	7.706,03 €
PUENTES Y CALZADAS	Humanización Fragoso	50.362,18 €
MOVEXVIAL	Canalizaciones pluviales....	21.885,78 €
CONSTR. CRESPO	Pavimentado cmno. Macal....	10.636,57 €
NECSO	3ª anualidad humaniza. MARCO	55.492,60 €
ELOYMAR	Liq. 2ª fase Pza. Independencia 13/03	88.214,58 €
Santiago Vidal Gimeno	Fra. FRV/40060/04 mater. Alumbr. Nav.	16.240,00 €
GEDEMON S.L.	Fra. 31/04 material alumbr.navideño	10.446,40 €
EKIPO	Fra. P 7635 mob.despacho Urbanismo	4.296,80 €
EKIPO	Fra. P 7673 sillería despacho Alcald.	7.202,15 €
GALLEGA DE MOBILIARIO S.L.	Fra. P 20034 sillería Sala Juntas	11.094,76 €
GALLEGO DE MOBILIARIO S.L.	Fra. P 20035 tarima Sala Juntas	2.638,00 €

5(1623).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 565.972,40 € A FAVOR DE FCC S.A. EN CONCEPTO DA REALIZACIÓN DUN PLAN DE CHOQUE DE LIMPEZA VIARIA. EXPTE. 11/241.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe da interventora xeral do 18.11.04 e 13.12.04, e de acordo coa proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 19.11.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Prestar aprobación á indemnización substitutoria a favor da entidade FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A. (A-28/037224) na contía de 565.972,42€, en concepto de execución do plan de choque do servizo de limpeza realizado entre os meses de marzo e setembro (ambos inclusive) do exercicio 2000, do que se deu conta a Comisión de Goberno en sesión de data 11/8/2000, e de conformidade coa documentación acreditativa que se achega ó presente expediente.

2º.- Recoñecer a obriga do gasto a favor do acreedor a esta Facenda Local que se explicita no parágrafo precedente da presente proposta co alcance económico establecido no mesmo.

3º.- Imputar o gasto por importe de 565.972,42€ ó crédito dispoñible na partida 442.0.227.0001 do orzamento vixente.

4º.- Do presente acordo darase conta á Intervención Xeral aos efectos da súa toma de razón contable, en cumprimento do establecido no apartado punto 4 do artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, o non proceder neste momento acto de fiscalización previa.

5º.- En consonancia co establecido na Base 28 das de execución do orzamento o presente expediente será remitido polo órgano xestor (servizo de limpeza) ao Pleno da Corporación.

6(1624).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 239/2004 INTERPOSTO POR Dª ROSA PORTELA HIDALGO EN RELACIÓN CON SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1030781739). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Rosa Portela Hidalgo contra resolución do Concello de Vigo de 21.05.04, desestimatoria do recurso de reposición interposto pola recorrente fronte a resolución de data 18.02.04, dictada no expediente sancionador nº 1030781739, que impuxo á mesma a sanción consistente en multa de 96,16 € por infracción do art. 24.1 da Lei de Seguridade Vial; resolución que anulo, ao considerala contraria a dereito. Sen facer expresa imposición de custas procesuais.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade, Tráfico e Transportes.

7(1625).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 216/2004 INTERPOSTO POR D. ALEJANDRO BOLAS CABALEIRO EN RELACIÓN CON SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 1631810615). ESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de 30.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Alejandro Bolas Cabaleiro contra resolución do Concello de Vigo de 7.05.04, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo recorrente fronte a resolución de data 13.1.04, dictada no expediente sancionador nº 1031810615, que impuxo ao mesmo sanción consistente en multa de 150,25 € por infracción do art. 39.2.g. da lei de Seguridade Vial; resolución que anulo, ao considera-la contraria a dereito. Sen facer expresa imposición de custas procesuais.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Seguridade, Tráfico e Tranportes.

8(1626).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 176/2004 INTERPOSTO POR D. ANGEL VÁZQUE PÉREZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓNS PATRIMONIAIS POR DANOS (EXPTES 16630 E 16674/240). DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de 30.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Angel Vázquez Pérez contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, das reclamacións patrimoniais efectuadas polo actor en datas 13 e 24 de outubro de 2003, nos exptes. Nº 16630 e 16674/240/03; resolución que confirmo, ao entendela axustada a dereito. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

9(1627).-SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 308/2003 INTERPOSTO POR PESCADOS PIÑEIRO S.L. CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECURSO EN RELACIÓN COA TAXA DO LIXO DO 2000 A 2003. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de 30.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Pescados Pérez Piñeiro S.L. contra desestimación presunta polo Concello de Vigo do recurso de reposición presentado con data 28.10.03 por Pescados Pérez Piñeiro S.L., fronte á resolución do Concello pola que se reclama ao recorrente a cantidade de 626,30 €, en concepto de taxas pola recollida de lixo correspondentes aos anos 2000 a 2003; ampliada posteriormente ao acordo do Concello de vigo, de data 19.01.04, pola que se resolve o citado recuso modificándose a tarifa aplicable ao recorrente, no senso de aplicar á taxa de recollida de lixos correspondentes aos anos 2000 a 2003, a tarifa mínima de vivenda, por unha contía total de 258,54 €; acto que declaro axustado a Dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao departamento de Admón. de Tributos (lixo).

10(1628).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDAS POLO INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO PARA INFRAVIVENDA RURAL. EXPTE. 11194/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 10.12.04, conformado polo concelleiro delegado de Asuntos Sociais e a Excm. Alcaldesa, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Referendar a aceptación da subvención concedida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo para infravivenda rural, aceptado os termos das disposicións que as regulan con destino ós seguintes beneficiarios:

Dª Rosa Herminda Alonso Carrera, con domicilio en Cidáns, 45-Zamáns

Dª Mª Carmen Alonso Salgueiro, con domicilio en Estrada Foxo, 76-Valadares

Dª Delfina R. Caetano Santos, con domicilio en Camiño do Pasais,20-Macal-Castrellos

2º.- Subvencionar á vista das circunstancias familiares e sociais dos solicitantes, con cargo á partida 780000 do programa 3130- Benestar Social- habilitada por modificación de crédito 117.04, o orzamento protexido segundo a distribución que se detalla .

NOME	ORZAMENTOP ROTEXIDO	SUBVENCIÓN IGVS	APORT. CONCELLO
ROSA H. ALONSO CARRERA	20.284,97	13.185,23	7.099,74
M CARMEN ALONSO SALGUEIRO	18.683,80	12.144,47	6.539,33
DELFINA R. CAETANO SANTOS	10.524,42	6.840,87	3.683,55

3º.- Unha vez rematadas as obras, as cantidades das subvencións serán ingresadas a favor da empresa que as levou a cabo polo procedemento de cesión ou endoso dos dereitos do beneficiario ó contratista.

11(1629).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 01/966, 01/0000, 12/408, 3/787.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede-la prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a Teresa Gestido Soliño. Expte. 01/966.
- D^a Emilia Prieto Cerdá. Expte. 01/0000.
- D. Benedicto Gómez Romero. Expte. 12/408.
- D^a María Bustelo Míguez. Expte. 03/787.

12(1630).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 22/986, 22/0000, 21/0000.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores as seguintes persoas:

- D^a Rosario Vega Gutierrez. Expte. 22/986.
- D. Antonio Barreiro Alonso. Expte. 22/0000.
- D. José Mariño Gómez. Expte. 21/0000.

13(1631).- ADXUDICACIÓN DE CINCEIROS NO CEMITERIO DE BEMBRIVE. EXPTE. 6078/255.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 9.12.04, conformado polo concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Adxudicarlle ás persoas que se relacionan, os cinceiros que para cada un se expresan, segundo emprazamento e número, nos cemiterios municipais que de seguido se sinalarán:

CINCEIROS NO CEMITERIO DE BEMBRIVE

<u>NOME DO ADXUDICATARIO</u>	<u>Nº BOCAS</u>	<u>BLOQUE</u>	<u>SOLAR</u>
Mario Di Giosia Nieto	37	F	10
José Luis González Cespón	41	F	11
Mª Jesús Martínez Alvarez	45	F	12

2º.- As adxudicacións outorganse por un prazo de cincuenta anos a contar dende a data da liquidación do nicho ou cinceiro adxudicado.

3º.- De conformidade co previsto no art. 7º da Ordenanza en vigor, os acordos de adxudicación estarán condicionados o pagamento das cantidades sinaladas no apartado A.2 do art. 5º da Ordenanza. En todo caso, quedará sen efecto a adxudicación, sen necesidade de notificación expresa, cando se producira o impago da totalidade ou dalgunha fracción, no prazo dun mes contado dende a finalización do prazo para pagamento que se fixa na notificación correspondente.

14(1632).- BASES DO CONCURSO DE IDEAS PARA A ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO PARA OS CURSOS COMPRENDIDOS NO PERÍODO 2005 A 2007. EXPTE. 6247/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.11.04 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Educación, do 10.11.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar as “Bases do concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento dos programas educativos do Concello de Vigo para os cursos comprendidos no período 2005-2007”, que se achegan, así como os tres anexos.

2º.- Convocar o antedito concurso de ideas e publicar o anuncio na prensa local e no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia.

3º.- Autorizar a que, no seu día, se realice a contratación dos proxectos e programas seleccionados no concurso de ideas para a elaboración e desenvolvemento dos programas educativos do Concello de Vigo para os cursos 2004-2005, 2005-2006 , 2006-2007 e 2007-2008.

4º.- Todo isto con cargo á partida 422.0.227.06.09 dos presupostos futuros de 2005, 2006 e 2007, por importe de 125.000 € anuais como máximo.

BASES DO CONCURSO DE IDEAS PARA A ELABORACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS
EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO PARA O PERÍODO 2005-2007

A Concellería de Educación do Concello de Vigo, a través do Instituto Municipal de Educación (IME), convoca un concurso de ideas, de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira: O obxecto deste concurso de ideas é recabar da comunidade educativa e dos profesionais que inciden no ensino a aportación de proxectos e propostas, así como a súa implementación, para a programación educativa do Concello de Vigo do período 2005-2007.

Segunda: Poderán presentar propostas as persoas físicas ou xurídicas que teñan, pola súa finalidade ou actividade, relación directa cos programas que se determinan na base terceira e dispoñan de organización suficiente, con elementos persoais e materiais axeitados para a súa debida execución.

Terceira: Os proxectos-programas versarán, necesariamente, sobre algún ou a totalidade dos seguintes temas xenéricos ou lotes:

- Valores e actitudes sociais. Ata un máximo de 27.000 €
- Fomento das artes. Ata un máximo de 20.000 €
- Alfabetización de persoas adultas. Ata un máximo de 30.000 €
- Vigo, cidade educadora. Ata un máximo de 48.000 €

Cuarta: O custo máximo de todos os programas durante un ano non excederá de 125.000 €, con cargo á partida 422.0.227.06.09 dos presupostos futuros de 2005, 2006 e 2007.

O prezo máximo da hora de docencia no sobrepasará os 70 €, todos os impostos incluídos.

Quinta: A persoa ou persoas interesadas indicarán os seus nomes, apelidos, data de nacemento, enderezos, teléfono de contacto, ocupación, formación académica, titulacións, experiencia e función específica no proxecto que pretende desenvolver, segundo o solicitado no anexo I e II.

Sexta: O alumnado destinatario-beneficiario dos programas educativos obxecto do presente concurso de ideas pertencerán ó segundo ciclo de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos), Educación Primaria (6 a 11 anos), Educación Secundaria Obrigatoria (12 a 15 anos), e Educación Secundaria post-obrigatoria (16 a 18 anos) cos novos bacharelatos e a formación específica de grao medio.

Tamén poderá ser destinatario de proxectos e programas o profesorado dos devanditos niveis educativos, así como as persoas adultas que precisen alfabetización.

Sétima: Os proxectos-programas presentaranse en galego e mecanografiado, axustándose necesariamente ós epígrafes contidos no anexo I e II.

Na proposta determinarán os obxectivos, lugar onde se pretende realizar, descripción da actividade, os grupos de alumnos e alumnas ás que se refire, os recursos e materiais a utilizar, calendario de aplicación, presuposto para o seu desenvolvemento, incluíndose neste os gastos de persoal, material, transporte, salarios, publicidade, seguros... e calquera outro necesario para a execución do programa ou o estudio, de se tratar dun, indicando en cada caso quen deberá asumir o custe que, en caso de non indicarse, entenderase que será asumido polo/a licitador/a.

Oitava: As actividades realizaranse por parte do adxudicatario con total suxección ós proxectos-programas seleccionados e as consideracións introducidas polos órganos municipais de adxudicación. As variacións ou modificacións que se poidan precisar necesitarán previa conformidade da administración contratante, que a concederá ou denegará segundo as circunstancias concorrentes en cada caso.

O Concello de Vigo supervisará a posta en marcha e desenvolvemento dos proxectos. Os adxudicatarios comprométese a realizar cantas xuntanzas de seguemento e avaliacións convoque o Concello en orde a unha mellor coordinación da programación educativa.

Novena: O informe inicial sobre as propostas e o seguemento posterior dos proxectos que resulten contratados realizarase pola Comisión, presidida polo Concelleiro Delegado de Asuntos Sociais por delegación da Alcaldesa, e integrada pola Xefa do Servizo de Educación, un técnico deste Servizo e tres profesionais calificados, vinculados ao mundo do ensino, que serán nomeados a tal fin polo Concelleiro de Educación.

Décima: A devandita Comisión terá en conta conxuntamente os seguintes aspectos, para a preselección dos proxectos-programas:

- Adecuación do proxecto aos obxectivos da programación educativa do Concello.
- Calidade, interese e novidade do proxecto ou programa consonte cos obxectivos da programación educativa do Concello de Vigo.
- Cualificación do equipo de traballo.
- Relación custo e calidade do proxecto a desenvolver
- Menor custo do proxecto en condicións semellantes de execución.
- Claridade e coherencia interna do proxecto ou programa.
- Planificación definida e concreta de todas as fases de traballo, que permitan unha efectiva e eficaz implementación.
- Nivel de participación da comunidade educativa no proxecto e mellora dos recursos educativos dos centros públicos a curto e medio prazo.
- Calesquera outros aspectos relacionados cos anteriores, que mellor poidan contribuir á formación e dinamización da comunidade educativa.

Os proxectos preseleccionados elevaranse como proceda á consideración do órgano competente.

Décima primeira: No caso de que non se presentasen propostas nalgún dos campos establecidos na base terceira, éstas non fosen admisibles ou carecesen de interese suficiente, a Xunta de Goberno Local poderá propor argumentadamente a concentración dos recursos económicos no/s restante/s epígrafe/s nos que houberse proposta/s seleccionable/s, e/ou propor que se declare deserto, total ou parcialmente, o concurso de ideas.

Décima segunda: O Concello poderá contratar aos/ás concursantes seleccionados/as sempre e cando acrediten a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica e que non están incursas en prohibición de contratar coa administración.

Décima terceira: Os procedementos de contratación serán os previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Décima cuarta: A aplicación do programa iniciarase necesariamente dentro do período lectivo que se acorde.

Décima quinta: O pago do proxecto-programa abonarase unha vez finalizado éste, previa presentación de factura e co informe favorable do Dpto. de Educación de terse cumprido, íntegra e correctamente, as prestacións do programa ou proxecto aprobado.

Pódense facer pagos fraccionados á solicitude do/a interesado/a na súa proposta, condicionado á aprobación pola Xunta de Goberno Local, previo informe do Servicio de Educación. Neste caso, o derradeiro pago, relacionado co proxecto-programa, farase coa entrega da memoria correspondente.

Décima sexta: A Xunta de Goberno Local ten a potestade de deixar deserto o concurso, en todo ou en parte, se os proxectos-programas presentados non satisfacen plenamente os obxectivos municipais en materia educativa e está facultada para resolver as eventualidades non previstas nestas bases.

Décima sétima: O prazo para presentarse ao concurso será de quince días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación da convocatoria do concurso.

Décima oitava: Os proxectos-programas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, antes das 13 horas do día que se fixe coa publicación deste Concurso de Ideas.

No exterior do sobre, pechado, deberá figurar a seguinte inscrición:

“Proxecto que presenta _____ ó “Concurso de Ideas para a elaboración e desenvolvemento dos programas educativos do Concello de Vigo para o periodo 2005-2007”.

Ademáis, no seu interior deberá incorporarse, xunto coa proposta ou propostas, e completando todos os datos, o modelo-tipo de proposta contidos no anexo I e II.

Décima novena: A participación neste Concurso de ideas supón a aceptación de todas e cada unha destas bases.

A decisión da Xunta de Goberno Local será notificada no seu día ós/ás interesados/as.

Vixésima: O desenvolvemento deste Concurso de ideas queda condicionado e supeditado á dotación presupostaria existente para o actual e os vindeiros exercicios económicos.

ANEXO I

D./D^a _____, con _____ enderezo na rúa _____ localidade _____ CP _____, co NIF nº _____ en nome propio ou en representación de _____ tendo coñecemento da convocatoria do “Concurso de Ideas para a elaboración e desenvolvemento dos programas educativos do Concello de Vigo 2005-2007”, toma parte no concurso aberto, e a tal efecto:

1.- Comprométome a desenvolver e executar o seguinte proxecto-programa, consonte coas especificacións das bases e do proxecto presentado:

- Proxecto-programa _____
- Número de persoas que integran o equipo que o desenvolve _____
- Número de participantes que prevé o proxecto _____

- A duración do proxecto será de _____ días/horas, comeza _____ e remata _____ farase en _____
- O presuposto total do proxecto é de _____ € euros, incluíndo a totalidade dos custes e gastos a que se fai referencia no prego.
- A publicidade dos programas-proxectos queda reservada ó Concello de Vigo.

2.- Achego, coa proposta o/os proxectos-programas que propoño, a documentación esixidas na convocatoria.

3.- Declaro que estou en condicións de presentar en prazo a documentación que será necesaria para acreditar a solvencia económica, financeira e técnica, a capacidade de obrar e a non incompatibiliade para contratar coa administración, renunciando á devandita adxudicación de non ser así.

Asdo: _____

ANEXO II

PROXECTO DE ACTIVIDADES:

1.- Programación Xeral:

- 1.1.- Obxectivos e xustificación do proxecto.
- 1.2.- Descrición programa de actividades e plan de traballo.
- 1.3.- Metodoloxía.
- 1.4.- Organización da actividade e avaliación.
- 1.5.- Material e recursos.

2.- Equipo de traballo. Realizarase unha ficha para cada persoa que participe no equipo indicando:

Nome, enderezo, teléfono, data de nacemento, ocupación, formación académica, función específica no proxecto e titulación.

3.- Presuposto:

- 3.1.- Gastos de persoal.
- 3.2.- Material (cantidade e características).
- 3.3.- Transporte.
- 3.4.- Seguros.
- 3.5.- Publicidade.
- 3.6.- Outros que se considere de interese ...
- 3.7.-Gastos a asumir polo Concello, terceiros ou destinatarios/as do proxecto.

4.- Aquele material ou documentación que se considere necesario incluír.

Anexo III

PROGRAMACION EDUCATIVA DO CONCELLO DE VIGO 2004-2007

O Concello debe potenciar o ensino público, por obriga legal e polo convencemento do seu poder para garantir o acceso a unha educación de calidade para toda a cidadanía.

A participación dentro dos centros públicos debe ir máis alá da participación institucional (Consellos escolares, persoal (reunións de nivel e entrevistas co profesorado) e asociativa (ANPAS). Os centros públicos deben establecer proxectos de participación e canles que acerquen ós usuarios á institución e, por outra banda, aporten ó centro un novo caudal de posibilidades educativas.

Compre sentar precedentes e dar pasos cara á gratuidade de libros de texto, actividades extraescolares e complementarias e máis a implantación de servicios complementarios xeneralizados, de calidade e de baixo custo para o usuario: transporte, comedor e servicios tendentes á ampliación do horario dos centros, para dar satisfacción ás necesidades que as familias demandan.

As diferencias de carácter cultural, que se incrementarán coa chegada de novos inmigrantes, deben ter un tratamento especial e de calidade, primando proxectos integradores e potenciando sempre as peculiaridades culturais e lingüísticas da nosa comunidade.

O respecto e aprecio pola pluralidade que enriquece, pola integración, que permite o acceso ás oportunidades sociais debe complementarse con elementos de carácter asistencial e equilibrador, que garantice un futuro mellor para todos e todas.

O obxectivo primordial é afondar na construción dunha alternativa global que permita seguir a avanzar na liña de converter Vigo nunha “Cidade educadora”. Por iso é necesario:

- *Consolidar o ensino público como referente social de calidade e como garantía real da igualdade de oportunidades.*
- *Incentivar e potenciar a autoxestión dos fondos adicados ao ensino público dándolle un maior protagonismo e responsabilidade aos propios centros, nos niveis educativos que teñen dependencia económica do Concello.*
- *Reforzar os vencellos entre infantil, primaria e a secundaria, creando planos de traballo concretos entre centros adscritos, tamén, na medida do posible, coa Universidade.*
- *Impulsar a participación en programas europeos, non só a nivel local senón tamén a través da mancomunidade e do Eixo Atlántico.*
- *Promover a creación dos equipamentos educativos dos que adolece a nosa cidade e favorecer a accesibilidade aos existentes: ciclos formativos; escolas infantís de primeira etapa; escola superior de arte dramática; estudos regrados de danza, programas de alfabetización de persoas adultas, etc.*
- *Vertebrar unha oferta educativa ampla e adaptada á demanda e necesidades sociais.*
- *Redefinir o papel dos representantes municipais nos Consellos Escolares dos Centros.*
- *Implicar a nais e pais nas tarefas educativas.*
- *Potenciar a utilización integral dos centros de ensino como equipamentos socioeducativos e deportivos da comunidade e abrir vías para o aproveitamento dos centros escolares pola Comunidade.*
- *Mellorar o vencellamento entre a sociedade e a escola.*
- *Crear novas propostas didácticas e fomentar a creación de equipos de traballo que xeren novas ideas e alternativas:*
 - a) *Deseñar a programación de equipamentos relacionados co estudio do contorno urbano e natural.*
 - b) *Abordar a publicación de monografías, guías didácticas, itinerarios, etc. e a sistemática recolleita de documentación sobre temas relacionados con Vigo, estudar a creación dun centro de documentación para dotar á comunidade educativa de recursos para a utilización didáctica da cidade.*
 - c) *Incentivar ás distintas institucións, empresas de produción e servicios de relevancia na comarca, para que asuman cos seus propios medios a creación de aulas didácticas e etnográficas para dar a coñecer a súa actividade.*
 - d) *Propiciar a creación de departamentos pedagóxicos nas institucións de carácter sociocultural do municipio: museos, zoolóxico, centros culturais, etc.*
 - e) *Organizar seminarios, xornadas, encontros, conferencias e cursos que abrangan temas relacionados coa utilización didáctica da cidade e cos programas educativos financiados polo Concello.*

- Potenciar actividades xestionadas polas ANPAS con contratación de monitoraxe cualificado, onde se regularicen todos os procesos de contratación.
- Primar as actividades programadas previamente polos propios centros.
- Promover programas de danza, teatro, cine e música para o alumnado das distintas etapas educativas e as actuacións e concertos dos mesmos, etc.
- Programar actividades para facilitar a nais e pais a educación dos seus fillos/as (escolas de nais e pais, actividades extraescolares destinadas a familias, etc.”

15(1633).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2005.EXPTE. 1275/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.11.04 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, conformado polo concelleiro de Festas e Animación Sociocultural e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, para a colaboración na organización da *Cabalgata de Reis 2005* da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” e a Federación Veciñal “Eduardo Chao”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asina-lo convenio.

3º.- Que o gasto derivado do convenio por importe de 9.600.- euros (nove mil seiscientos euros) quede supeditado á existencia de crédito adecudado e suficiente no programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2005, con cargo á partida 451.2.226.08.00; o pagamento realizarase á Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, CIF G-36.704.666.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.”

PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2005

Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LOPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro-delegado de Festas e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en diante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

D. ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, presidente da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS "EDUARDO CHAO", CIF G-36.681.708, con enderezo na Praza da Princesa, 7, 2º, 36202 VIGO, e número de inscrición 82/89 no rexistro municipal de asociacións.

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA"

MANIFESTAN

1. Que a Cabalgata de Reis é un evento festivo e de tradición plenamente arraigado e institucionalizado na nosa sociedade, e que esperta grande expectación e ilusión nos máis cativos e en tódolos cidadáns en xeral.

2. Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo unha importante labor de recuperación e impulso deste evento, mediante a incorporación de novos e vistosos elementos na Comitiva Real, así como mediante a programación doutras actividades complementarias (Carteiro Real, concurso "Vente cos Reis Magos", concurso de redacción...), que axudan a darlle maior espectacularidade e realce.

3. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei Reguladora de Bases de Réximen Local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata, Entroido, Festa do Magosto...).

4. Que dende a Cabalgata de Reis do ano 1997 véñense asinando convenios de colaboración similares entre estas entidades e o Concello de Vigo, sendo o resultado acadado moi satisfactorio para ambas partes, polo que se atopan dispostas a colaborar na organización da presente edición da Cabalgata de Reis 2005, que se celebrará o vindeiro día 5 de xaneiro na nosa cidade.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto xeral a colaboración das entidades asinantes na organización da Cabalgata de Reis 2005, mediante a aportación do persoal auxiliar necesario para acompañamento da Comitiva Real.

SEGUNDA.- A Cabalgata de Reis 2005 é un evento organizado e coordinado pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo e que se celebrará nesta cidade o día 5 de xaneiro, polas rúas e segundo o horario que figuran no anexo do presente convenio.

TERCEIRA.- O presuposto xeral deste convenio, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 9.600.- euros (nove mil seiscientos euros), que se financiarán con cargo á partida 451.2.226.08.00, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2005.

CUARTA.- A comisión colaboradora da Cabalgata de Reis 2005 estará formada polas seguintes persoas:

- ✓ Pola Federación de AVV "Eduardo Chao":
 - ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ.
 - XOSÉ COUÑAGO
- ✓ Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:
 - JOSE LOURIDO PENEDO.
 - JUAN JOSÉ NOGUEIRA SÁNCHEZ.
- ✓ Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo":
 - JUAN CARLOS PADÍN NIETO.
 - RAÚL VILA CARIDE.

Así mesmo, formará parte desta comisión colaboradora en representación do Concello de Vigo, con funcións de coordinación, supervisión e seguimento da mesma, a técnica do servizo de Festas, Luz María González Domínguez.

QUINTA.- A función básica da comisión colaboradora da Cabalgata de Reis 2005 será a de dotar este evento do persoal auxiliar necesario para acompañamento da Comitiva Real, segundo o seguinte detalle:

1.- Responsable de organización: a comisión colaboradora designará un responsable que funcionará como único interlocutor válido da mesma co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural; este responsable manterá unha serie de reunións co citado persoal, ata o día 5 de xaneiro (previa comunicación deste departamento con un día de antelación), co obxecto de establecer os criterios organizativos para este evento, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar. Este responsable será o encargado de transmitir toda esta información ó resto do persoal, así como de organizar e coordina-las súas accións, antes, durante e despois da cabalgata.

2.- Persoal auxiliar necesario: a continuación, relaciónanse o número mínimo de persoas necesarias, así como as principais funcións a desempeñar en cada caso.

- * Persoas: 200
- * Horario: das 15 ás 21 horas, do día 5 de xaneiro.
- * Funcións xerais:

- a) *Encargaranse de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación os caramelos, globos outros elementos, e trasladarano ó lugar de concentración da comitiva e ós distintos puntos de avituallamento e de inflado de globos, que se colocarán ó longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.*
- b) *Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuilas posteriormente entre todo o persoal. Toda persoa pertencente á organización deste evento deberán levar de forma obrigatoria e en todo momento a prenda superior, e a inferior se así se lles indica.*
- c) *Ó longo do percorrido, haberá CINCO puntos de inflado de globos que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un; o subministro das correspondentes bombonas de inflado e a súa instalación e posterior desmontaxe será total competencia da comisión colaboradora.*
- d) *Ó longo do percorrido, haberá un mínimo de tres puntos de avituallamento de caramelos xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un, e que se encargarán de distribuilos ás carrozas e demais integrantes da Comitiva que o requiran, ó seu paso por ese punto.*
- e) *Encargaranse de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado polo persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento da cabalgata.*
- e) *Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva; especial atención prestarase ás inmediacións do palco instalado para a recepción ós Reis Magos, para o que se disporá un equipo especial de seguridade.*
- g) *Acompañarán seis persoas a cada unha das carrozas integrantes da comitiva, dende a súa saída ata a finalización do evento, para garanti-la súa seguridade e maila do público.*
- i) *Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. A disposición dos elementos da Comitiva manterase inalterable dende o seu inicio ata o seu remate.*
- l) *Durante o desenvolvemento da Cabalgata deberá haber permanentemente dúas persoas na "zona de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos-as que se perdan. Estas persoas deberán custodiarlos nenos-as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non aparecer, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 22'00 horas.*
- m) *O responsable da comisión colaboradora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado ó longo do percorrido, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural*

Para facer posible este cometido, o Concello facilitaralle á comisión colaboradora un mínimo de nove portáfonos, que deberán devolver en perfectas condicións unha vez rematada a cabalgata; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garanti esta función, durante todo o período de desenvolvemento da cabalgata.

** Outras funcións:*

Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Cabalgata de Reis 2005 e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.

** Posterior da Cabalgata:*

A comisión presentará na Concellería de Festas e Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización da cabalgata, un informe completo de posibles incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

SEXTA.- O Concello de Vigo aboará a cantidade estipulada na cláusula terceira 9.600.-€, (nove mil seiscientos euros), previa presentación da correspondente solicitude de pagamento e da conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ós traballos realizados, mediante transferencia bancaria á conta corrente núm. 2080.0020.16. 0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF. G-36.704.666) e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a comisión colaboradora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural na propia actividade.

OITAVA.- En caso de incumprimento do convenio, realizaranse os descontos correspondentes e cos prorrateos a que houbera lugar.

NOVENA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2005 e non será prorrogable.

DÉCIMA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan o presente convenio no lugar e data que se indican,

ANEXO

- HORARIO DA CABALGATA DE REIS 2005:

15'00 horas Comezo do despregue do persoal auxiliar de organización ó longo do percorrido e da concentración da comitiva real.

17'30 horas: *Recepción oficial ós Reis Magos na praza da Independencia.*

18'15 horas: *Saída da Comitiva Real dende a rúa Venezuela.*

20'00 horas: *Remate e despedida da Cabalgata.*

- *PERCORRIDO DA CABALGATA DE REIS 2005:*

O percorrido da cabalgata será o composto polas seguintes rúas:

Montaxe da comitiva: Rúa Venezuela, formación a partir de Blein Budiño ata rúa Simón Bolívar (dende a antiga discoteca Oliver ata o Concello).

Percorrido: Camelias - Álvaro Cunqueiro (sentido dereita) - Camelias-Praza de América.

Final: Avenida de Castrelos (diante do IMD).

16(1634).- AUTOLIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO CANON PRESENTADA POLA ENTIDADE AQUALIA, CORRESPONDENTE AO PERÍODO SETEMBRO 2003 A FEBREIRO 2004. EXPTE. 100442/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta o xefe do Servizo de Investimentos, do 9.10.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a autoliquidación provisional do canon, presentada pola entidade AQUALIA, correspondente o período setembro 2003 a febreiro 2004 por un importe de 505.243,83€, que corresponde a un volume de facturación 16.841.461 m³.

2º.- Aprobar provisionalmente a liquidación de atrasos ou diferencias dende o inicio da concesión (xaneiro 1991) ata agosto 2003, por un importe de 16.481,16 €.

3º.- Do presente acordo deberase dar conta á oficina xestora de ingresos, á recadación e a Intervención Xeral para os efectos oportunos.

17(1635).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 1.677,27 € A FAVOR DE PLANITEC EN CONCEPTO DE ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL PARA A SALA DE CONTROL DE TRÁFICO. EXPET. 70353/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 14.09.04, e de acordo co informe-proposta do concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade, do 10.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e recoñecer a obriga a favor da empresa PLANITEC, con cargo á partida 12172200200, adquisición de materiais consumibles, por un importe de 1.677.27 EUROS, correspondente as seguintes facturas:

DOCUMENTO	REFERENCIA	IMPORTE
30108862	PLANITEC FRA. 009155 EXPTE 1581/113	747.50 euros
30052801	PLANITEC FRA. 004150 1582/113	929.77 euros

18(1636).- SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TRAVESAS (AETRAVI) DE AUTORIZACIÓN PARA REALIZAR A FESTA DE FIN DE ANO NA PRAZA DAS TRAVESAS. EXPTE. 70321/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 13.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

AUTORIZAR á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE TRAVESAS-AETRAVI, á ocupación do espazo público solicitado co gallo da celebración da festa de Fin de Ano, na Praza das Travesas, na zona marcada e delimitada no plano que se achega, debendo delimita-lo recinto, deixar espazo baleiro para o paso de persoas e vehículos no caso de urxencias; asimismo, non se poderá ocupar ou invadi-las vías públicas ou accesos, debendo sinalizar o contorno para a libre circulación de persoas e vehículos na zona, velando os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública.

Deberán velar os solicitantes para que non se produza alteración da orde pública, así como obter as correspondentes autorizacións nos casos de instalacións de barracas provisionais, cabaliños xiratorios, raandeiras, caruseis, tiro ó branco e outras similares.

Axustaranse así mesmo, ás seguintes normas:

- O horario do peche ó tráfico quedará comprendido entre as 23,30 horas do venres 31 de decembro e as 3,30 horas da mañá do sábado 1 de xaneiro de 2005.
- O espazo ocupado será debidamente delimitado e sinalizado de conformidade coa normativa vixente en materia de seguridade vial, para o libre tránsito de persoas e vehículos no seu entorno, con paso

suficiente para os vehículos de urxencia e sen ocupar ou invadir as vías públicas, camiños de servizo ou accesos que non estén expresamente autorizados.

- Non se poderá en ningún caso pechar os accesos e saídas do túnel baixo a praza mantendo a circulación no seu interior cos sentidos actuais de tráfico.
- Para garantir a seguridade dos asistentes e o cumprimento destes preceptos, a organización disporá dos medios técnicos e humanos suficientes para tal acontecemento, poñéndoos a disposición da Policía Local para colaborar con estes en todo o relativo á Seguridade Vial.
- Por parte da Policía Local procederase á vixilancia do estricto cumprimento destas normas de seguridade, podendo incluso chegar á anulación da licenza en caso de negligencia grave ou risco para os usuarios da vía.
- Darase traslado á Policía Local da resolución adoptada para que procedan ó cumprimento do punto anterior.
- Deberase publicar un anuncio na prensa local da cidade co texto que acompaña este escrito para informar ós cidadáns que se poidan ver afectados polo evento.
- Límite transmisión ruidos: non se superarán os fixados na taboa 1.2 do anexo da vixente Ordenanza Municipal de Ruidos e Vibracións, publicado no B.O.P.de data 16 de outubro de 2000.
- Deberán solicitar do departamento de limpeza un reforzo de contenedores e deixar o recinto nas debidas condicións de limpeza, unha vez finalizadas as celebracións, así como dar cumprimento ás normas sobre ocupación de espazos públicos aprobadas na Comisión de Goberno de data 17 de marzo de 2003.

19(1637).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “BOUZAS-VIGO. CEN ANOS DE UNIÓN”. EXPTE. 1318/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal Quiñones de León, conformado polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xutna de Goberno acorda:

Poñer á venda 300 catálogos dos 1000 editados co gallo da exposición “Bouzas-Vigo. Cen anos de unión”, a un prezo unitario de venda ao público de 9 (nove) euros.- IVE engadido, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello.

20(1638).- CESIÓN DO LOCAL SITO NA PRAZA DA PRINCESA Nº 7-2º PARA SEDE DA FEDERACIÓN VECIÑAL “EDUARDO CHAO”. EXPTE. 17022/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 7.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a cesión gratuita e en precario, polo prazo de 25 anos, a Federación Veciñal “Eduardo Chao” o dereito de uso do local de propiedade municipal sito na pranta segunda do edificio nº 7 da Praza da Princesa desta cidade, con suxección as seguintes cláusulas:

- A entidade beneficiaria destinará o local ós fins propios dos seus estatutos e, en particular, aqueles programas e actividades de interes xeral de carácter social, lúdico e cultural que anualmente desenvolve a entidade en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. A tal fin a entidade presentará anualmente o orzamento de gastos e ingresos, proxecto de actividades, memoria final e balance económico das mesmas.
- A entidade usuaria está obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade cívica xeral, incluíndo a responsabilidade civil por danos que poida causar a entidade a terceiros, na súa condición de usuario da propiedade municipal, tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil locativa que ampare cualquier dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente cun limite de indemnización mínima de 300.506, 05 €.
- A entidade usuaria do ben non está en relación de dependencia respecto do concello de Vigo como entidade cedente.
- Será por conta da asociación usuaria tódolos gastos de mantemento e conservación do local, así como os dos servizos e subministro de auga, electricidade e calquera outro semellante co que conste o local.
- A cesión extinguirase: polo transcurso do prazo máximo polo que foi outorgada ou pola denegación expresa da súa prorrogación; pola renuncia da asociación a dita cesión, polo incumprimento dos fins e actividades para os que foi cedida, ou das condicións nas que foi outorgada; pola disolución da asociación, e pola reclamación do ben, feita polo Concello de Vigo cando por motivo de interese público municipal así o requira, e previa reclamación á entidade usuaria cunha antelación mínima de tres meses.
- Calquera obra ou mellora do local, contará co previo coñecemento da Concelleira de Participación Cidadá e autorización ou licencias municipais que procedan, sendo de conta da asociación a totalidade dos gastos que de estas deriven. As obras e instalacións executadas revertirán integramente a administración municipal no momento que cese o uso outorgado.

- Concello de Vigo, no momento en que así o determine poderá compartilo uso do devandito local, en igual ou menor superficie, para a realización dos fins ou servizos públicos municipais que beneficien ós veciños da cidade, compartindo neste caso as cargas correspondentes.
- Concello de Vigo poderá acorda-la incorporación a este uso, dalgunha outra entidade do barrio cando así o solicite e o permitan as dispoñibilidades de superficie e sexa compatible. Neste caso o acordo de incorporación regulará as novas condicións de uso do local.

2º.- Somete-lo presente expediente a información pública, polo prazo de 20 días, de conformidade co previsto no art, 110 do RBEL.

3º - O presente acordo devirá definitivo de non se formular alegacións no periodo de información pública, o que se acreditará coa certificación que para este efecto expida o secretario xeral.

4º - A presente cesión formalizarase en documento administrativo no prazo de 30 días a contar dende a súa aprobación definitiva.

21(1639).- RECTIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 9.09.04 SOBRE REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NO VERBUM. EXPTE. 8349/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación do 2.12.04, conformado pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º-. Rectificar os erros no acordo da Xunta de Goberno Local de 9 de agosto pola que se aprobou a revisión de prezos do contrato de atención ao público no Verbum-Casa das Palabras, adxudicado a empresa Servicios Securitas S.A. Neste tomáronse como prezos de facturación os de licitación no canto dos de adxudicación que son os seguintes:

- 10,20 euros: hora de atención xeral ao público.
- 11,80 euros: hora de coordinación do servizo e xestión.

2º-. Autorizar a primeira revisión de prezos do contrato con Servicios Securitas S.A. (C.I.F.: A-28986800) para a prestación do servizo de atención ao público do Verbum-Casa das Palabras; incrementándoos nun 2,7%, variación experimentada polo IPC nacional entre o 15 de abril de 2003 (data de apertura de plicas) ata o 25 de abril de 2004 (data de remate da primeira anualidade dende o inicio do contrato). Polo tanto os prezos que se aplicarán serán os seguintes:

- 10,48 euros: hora de atención xeral ao público.

□ 12,12 euros: hora de coordinación do servizo e xestión.

Para o incremento derivado do período xaneiro-agosto do 2004 existe saldo dispoñible no AD 3053. Así mesmo, existe esta dispoñibilidade para o período setembro-décembro de 2004 no AD 32784.

22(1640).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE FOTOCOPIADORAS PARA O CONCELLO DE VIGO. EXPTE.1628/113.

Antecedentes

Con data 4.10.04 a Xunta de Goberno acordou aprobar o expediente de contratación da subministración e instalación de fotocopiadoras e impresoras.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local o 5.11.04 certifica que durante o prazo sinalado no oficio da oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentáronse as seguintes proposicións: 1) Copiadoras de Vigo S.L., 2) Sirvent S.L., 3) Nea Gatsa S.L., 4) Ofimatica Gal-Sur S.L., 5) Softgal S.L. e 6) Documentación e Imagen del Noroeste S.L.

O 8.11.04 a Mesa de Contratación procedeu á apertura da documentación presentada, pasándo as propostas admitidas ao servizo de Informática para informe e proposta de adxudicación.

Con data 25.11.04 a técnica do sistemas emite informes de valoración, conformados polo xefe do Servizo de Informática e pola interventora xeral, formulando as propostas que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co devandito informe, acorda:

Adxudicar o lote I do expediente de contratación de subministración de fotocopiadoras para o Concello de Vigo á empresa Ofi Galsur por importe de 6.844,00€, que obtivo unha puntuación de 86,33 .

Adxudicar o lote II do expediente de contratación de subministración de fotocopiadoras para o Concello de Vigo á empresa Nea Gatsa S.L. por importe de 9.664,00€, que obtivo unha puntuación de 90,75 .

23(1641).- ENCOMENDACIÓN A UNGRÍA PATENTES Y MARCAS S.A. DA XESTIÓN DE RENOVACIÓN DE VARIAS CLASES DA MARCA VIGOXOGOS. EXPTE. 335/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 30.11.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado, que di o seguinte:

A empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. ten encomendada a xestión da obtención de títulos de propiedade de diversas marcas deste Concello de Vigo, así como a vixilancia dos correspondentes expedientes. Por iso remiten escritos nos que lembran o próximo vencemento das marcas “VIGOXOGOS” números 1.066.712, 713, 717 e 722 o próximo 5 de xaneiro de 2005 (en clases 2, 8, 21 e 28); e as marcas 1.066.718, 719, 720 e 721 o próximo 20 de febreiro de 2005 (en clases 23, 24, 25 e 27) toda vez que cumpren o prazo de vinte anos para o que foron concedidos os rexistros. O custe de tramitación ascende a 538,24 euros (Ive engadido) para cada clase.

Con data 13 de setembro pasado foi remitido informe ó respecto á Xunta de Goberno Local para adopción de acordo sobre a procedencia da renovación, non sendo tratado o asunto, polo que remitiuse escrito ás oficinas que puideran utilizar dita marca para que emitisen informe ó respecto.

As oficinas de Promoción Económica e Desenvolvemento Local e Festas e Animación Sociocultural consideran interesante mante-la marca nas clases 16, 41 e 35, que vencen en xullo de 2005 e en abril de 2007.

Con posterioridade a empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. remiten outro escrito comunicando o próximo vencemento da marca “Vigoxogos” y gráfico en clase 42 (Nº 1.066.724), xuntándose fotocopia do título de propiedade, no que se especifica a descripción e datos da marca.

Polo exposto, e se o estima a Xunta de Goberno Local, proponse a adopción do seguinte acordo:

Encomendar á empresa Ungría Patentes y Marcas, S.A. a xestión da renovación da marca Vigoxogos só nas clases 16, 41 e 35 a favor deste Excmo. Concello, ascendendo o seu custe á cantidade de 1.614,72 euros (Ive engadido).

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1642).- DEVOLUCIÓN DE FIANZAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes da Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno acorda proceder á devolución das fianzas que de seguido se especifican xa que as obras e subministracións foron recibidos, executáronse conforme coas condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- a) A Lunwerg Editores S.A. a fianza por importe de 2.080 euros constituída para responder da asistencia técnica para o desenvolvemento do Arquivo Pacheco.Expte. 292/241.

- b) A Enrique Urdiales de Santiago a fianza por importe de 731,20 € constituída para responder de encargo de proxecto de obras centro sociocomunitario de Cabral, que foi recibido mediante acta de 22.04.04. Expte. 495/241.
- c) A Juegos Kompan S.A. a fianza por importe de 743,43 € constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís, que foron recibidos mediante acta de 6.10.03.Expte. 496/241.
- d) A Archimovil S.A. as fianzas por importe de 8.634,43 e 8.595,14 € constituídas para responder da subministración de sistema de almacenaxe de telas e reserva vertical para o MARCO.Expte. 497/241.
- e) A Imaxinería S.L. a fianza por importe de 345,60 € constituída para responder da impartición de programa teatral. Expte. 462/241.

25(1643).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 28.467,93 € A FAVOR DE FRANCISCO CARDAMA S.A. POLO MANTEMENTO BÁSICO E ESTANCIA NO VARADERO DO BUQUE MUNICIPAL “BERNARDO ALFAGEME”. EXPTE. 2612/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 13.12.04 e de acordo co informe-proposta o xefe do Servizo de Patrimonio Histórico do 29.11.04, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- A indemnización substitutiva por importe de 28.467,93 euros a favor da empresa “FRANCISCO CARDAMA, S.A.” (NIF A-36600849) polos traballos de mantemento básico e estancia do buque municipal “BERNARDO ALFAGEME”, atracado nos peiraos da citada entidade, durante os meses de xaneiro a outubro do ano 2004, e segundo a súa factura nº 4113 do 15/10/2004, presentada no Rexistro Xeral na data do 25/11/2004 (nº doc. 40119996).

2º.- Imputalo á partida 4531.2130001 MANTEMENTO BUQUE BERNARDO ALFAGEME dos orzamentos do 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións obrigadas do exercicio corrente na conseguinte partida.

26(1644).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DE PROVIDENCIAS DE CONSTRINXIMENTOS SOBRE LIQUIDACIÓNS POR ACOMETIDA DE SANEAMENTO DO ANO 2002. EXPTE. 2363/700

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 09.12.04, que di o seguinte:

En sesión ordinaria de data 21 de xaneiro de 2002, na Comisión de Goberno, acordouse a seguinte resolución:

"PROPOSTA PARA QUE SE DICTE PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO QUE PERMITA COBRA-LAS CANTIDADES ADEBEDADAS POR CONTRIBUINTES Á UTE SERAGUA-FCC, EXPEDIENTE 13/141".

En data 03/12/2004 e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en data 03/11/2004 (nº doc: 40111061), 15/11/2004 (nº doc: 40115385) y 25/11/2004 (nº doc: 40120072), pola Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) do que se achega copia.

No citado escrito, solicitábase a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre a TAXA DE ENGANCHE AS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA.

Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Comisión de Goberno para su coñecemento.

DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOME	CONCEPTO	Nº RECIBO	PRINCIPAL
RODRIGUEZ COSTAS SERAFIN	Acometida Saneamento 2002	028900027	1.220,05
GREGORIO GIL JOSE LUIS	Acometida Saneamento 2002	028900154	1.220,05
SILVA MARTINEZ EDELMIRO	Acometida Saneamento 2002	028900383	1.220,05
IGLESIAS PRADO JOSE	Acometida Saneamento 2002	028900167	784,32
PEREZ RIAL ADORACIÓN	Acometida Saneamento 2002	028900168	1.220,05
LAGO OTERO RAIMUNDO	Acometida Saneamento 2002	028900172	1.220,05
CONSTRUCCIONES COTFI SL	Acometida Saneamento 2002	028900483	1.220,05
GRANITOS IBERICOS	Acometida Saneamento 2002	028900428	1.220,05

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

27(1645).- COMPROMISO DE DOTACIÓN PRESUPOSTARIA DA CONCELLERÍA DE COMERCIO PARA FACER FRONTE AO 30% CORRESPONDENTE Á APORTACIÓN MUNICIPAL PARA COMPLEMENTAR SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO PARA INVESTIMENTOS. EXPTE. 1563/104.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 13.12.04, conformado pola concelleira de Turismo e Comercio, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2004 decidiu solicitar diante da Consellería de Innovación, Industria e Comercio unha subvención para a execución dun Plan de Dinamización Comercial, consistente na colocación en zonas comerciais de maceteiros colgantes para dotar de identidade ás áreas comerciais da cidade.

Con este fin, solicitouse unha subvención plurianual para a execución deste proxecto por importe de 28.000€ anuais a executar en tres anualidades -2004, 2005 e 2006- por cada unha das zonas comerciais previstas: Casco Vello e Zona Centro. Por tanto, o Concello solicita unha subvención de 84.000€ para cada zona comercial.

Con data 12 de xullo de 2004, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, comunica ó Concello de Vigo que concede unha subvención económica do 70% do obxecto subvencionable, tendo o Concello a obriga de aportar o resto da financiación ata cubrir a totalidade do importe do proxecto. A subvención que concede a Consellería ten carácter de plurianual, concedéndose unha subvención de 28.000€ para o ano 2004, 12.000€ para o ano 2005 e 42.000€ para o ano 2006, para cada unha das dúas zonas comerciais previstas no proxecto.

Vense de executar a anualidade de 2004 do proxecto, cun investimento total 80.000€ para as dúas zonas comerciais, dos que 56.000€ corresponden á subvención da Consellería e o resto -24.000€-foron aportacións do Concello e mais dos comerciantes.

A Orde de 5 de decembro de 2003, pola que se procede á convocatoria para o ano 2004 de axudas e subvencións ás corporacións locais para o fomento ó investimento en zonas peonís comerciais, fixa como prazo máximo para a xustificación dos investimentos realizados o día 15 de novembro de 2004.

A Consellería de Comercio xustificou en prazo os investimentos realizados, se ben con data 22 de novembro a Consellería de Innovación, Industria e Comercio require ó Concello para que acredite mediante certificación que o Concello asume o compromiso de dotación presupostaria da parte do investimento proxectado que lle corresponde ó Concello nos exercicios futuros de 2005 e 2006, dado que se trata dun investimento de carácter plurianual.

Con data 24 de novembro se lle remite á Consellería de Innovación, Industria e Comercio certificación da Intervención Xeral do Concello acreditando a existencia no proxecto de presupostos para o 2005 das partidas adecuadas para facer fronte a este compromiso.

O día 13 de decembro, a Consellería de Innovación, Industria e Comercio volve a dirixirse ó Concello, para que no prazo de 5 días certifique a existencia de consignación orzamentaria para a realización da totalidade do proxecto concreto obxecto de subvención, concretando a aplicación e dotación orzamentaria destinada para tal fin.

Por todo o antedito, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Co obxecto de dar cumprimento ó requerimento da Consellería de Innovación, Industria e Comercio de data 13 de decembro, ó abeiro do artigo 6º 3 da orde de convocatoria de subvencións para investimentos en zonas peonís-comerciais, o Concello de Vigo comprométese á dotación presupostaria nos exercicios 2005 e 2006 das contías necesarias para facer fronte á parte de investimento correspondente á corporación local. As cantidades que se consignarán nos presupostos dos anos 2005 e 2006, para facer fronte ó 30% do investimento restante serán as seguintes:

ANUALIDADE 2005

<u>Total investimento proxectado</u>	<u>Subvención concedida</u>	<u>aportación municipal</u>
	70%	30%
17.142,85€ Casco Vello	12.000,00€	5.142,85€
17.142,85€ Zona Centro	12.000,00€	5.142,85€

ANUALIDADE 2006

<u>Total Investimento Proxectado</u>	<u>Subvención concedida</u>	<u>aportación municipal</u>
	70%	30%
60.000€ Casco Vello	42.000,00€	18.000,00€
60.000€ Zona Centro	42.000,00€	18.000,00€

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1646).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE TRAVESAS (AETRAVI) POR IMPORTE DE 6.000 € PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DE FIN DE ANO. EXPTE. 1561/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 9.12.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder unha subvención de 6.000€ (IVE incluído) a favor da Asociación de Empresarios e Comerciantes de Travesas (AETRAVI), con cargo á partida “Subvención de Actividades”, número 7510 4700201, da Concellería de Turismo, do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A Asociación de Empresarios e Comerciantes de Travesas deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se edite co gallo das actividades programadas.

3º.- A Asociación de Empresarios e Comerciantes de Travesas será a encargada da contratación con terceiros para a realización de todas as actuacións programadas durante a celebración de actos, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

4º.- En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado ó cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para a ano 2004. Asimesmo, as facturas que se presenten,

xustificativas da subvención concedidas, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

29(1647).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DE U.A. 2 CARRASQUEIRA-CORUXO. EXPTE. 4536/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 10.12.04, que di o seguinte:

1º.- *En data 02/09/2002 o Pleno do Concello acordou:*

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do Polígono "D.SU.UA2.CARRASQUEIRA" (Coruxo), promovido pola entidade mercantil "Apartamentos Paseo Marítimo, S.L." e redactado pola arquitecta Dª Miriam Arcas Ardura, visado polo COAG no 23/01/2002 -expte. 6961/411- (...). TERCEIRO: O polígono executarase polo sistema de compensación. A propiedade do ámbito deberá asumir-lo mantemento dos novos espacios libres e verdes cedidos ó Concello. Haberá tamén de constituírse unha entidade urbanística de conservación".

2º.- *No 27/11/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente os Estatutos e Bases de Actuación do citado polígono (expte. 4422/401). A Xunta de Compensación (XC) constituíuse mediante Escritura Pública outorgada no 08/01/2004 perante o notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González co núm. 29 do seu protocolo. Aprobouse por Acordo da Xunta de Goberno Local do 02/02/2004 (expte. 4501/401). Inscribíuse no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras en virtude de Resolución do Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 22/03/2004.*

3º.- *No 11/06/2004 a Asemblea Xeral da XC acordou ratifica-lo anterior acordo do Consello Rector de habilitación da Presidenta para a exposición pública do Proxecto de Compensación, con carácter previo á súa aprobación pola Xunta de Compensación (art. 157.3 Lei 9/2002, do 30 de decembro -LOUGA-), segundo se acredita na Certificación obrante no expediente.*

No 30/07/2004 a Presidenta da XC presentou nesta Administración municipal senllos escritos nos que solicitou por unha banda a tramitación do Proxecto de Compensación do polígono de referencia e pola outra a monetarización e adquisición do aproveitamento urbanístico adxudicable ó Concello (10%).

En data 11/10/2004 o topógrafo municipal emitiu un Informe e levantamento planimétrico do polígono, no que concluíu que a súa superficie total é de 7.796 m2.

No 13/10/2004 dirixiuse un Oficio á XC no que se lle comunicaron os pasos a seguir e a necesidade de rectificar certos extremos.

A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncio no BOP núm. 209, do 28/10/2004 e notificación individualizada ós propietarios.

Durante dito período interpuxéronse dous escritos de alegacións, subscritos, respectivamente, por Dª Dolores Varela Iglesias (09/11/2004 - parcela inicial "10") e Dª Mª Carmen Sanjuán Oliveira (22/11/2004 - parcela inicial "20"). Esas alegacións foron respostas polo arquitecto e o avogado da XC nun Informe do 25/11/2004.

En data 26/11/2004 a Asembleia Xeral da XC acordou, co voto favorable do 89,43238% das cotas de participación, aprobar o Proxecto de Compensación e desestimar as alegacións interpostas durante a información pública, tal e como se acredita na certificación incorporada ó expediente.

No 29/11/2004 a Presidenta da XC presentou nesta Administración municipal un escrito dando conta dos referidos antecedentes e solicitando a aprobación definitiva do Proxecto de Compensación. Achegou ó efecto a pertinente documentación xustificativa, así como a versión final e corrixida do Proxecto de Compensación, previamente aprobado pola Asembleia Xeral.

4º.- O 03/12/2004 o Arquitecto técnico municipal emitíu un Informe sobre a valoración do aproveitamento urbanístico adxudicable ó Concello (600,03 euros/m2), no que se manifestou que non resulta inferior ós valores de mercado vixentes.

No 09/12/2004 o Arquitecto municipal emitíu un Informe sobre o Proxecto de Compensación e as alegacións interpostas durante o período de información pública.

En síntese, o contido do Proxecto de Compensación é o seguinte:

1.- Ámbito (total)	7.778 m2
Propiedades particulares:	7.505 m2
Propiedades municipais:	Rúa Combro: 132 m2
	Vial transversal: 141 m2
2. Cesión de zonas verdes:	764 m2
3. Cesión de viarios	Vial 1 : 860 m2
	Vial 2: 204 m2
	Vial 3: 1.167 m2
	Vial 4: Ampliación da rúa Combro: 132 m2
	Total para viais: 2.363 m2
4. Parcelas resultantes:	24 fincas edificables
6.Total aproveitamento lucrativo:	3.752,50 m2c
6. Aproveitamento municipal adxudicado:	375,25 m2c. (en parcelas 10, 11 e parte da 12)*

* A XC solicitou a monetarización e adquisición dese aproveitamento municipal

5º.- En data 09/12/2004 o Xerente de Urbanismo emitíu un Informe sobre a proposta de monetarización e adquisición do aproveitamento municipal no que manifestou o seguinte:

"(...)

Con data 9 de decembro de 2004 o técnico da administración xeral da Oficina de Planeamento e Xestión solicita informe desta Xefatura en relación coa solicitude de transmisión do aproveitamento urbanístico de cesión obrigatoria ó Concello (10% do aproveitamento total da actuación) á Xunta de Compensación, a cambio do seu valor económico. O aproveitamento ó que se refire a consulta concrétase nas fincas de resultado "10", "11" e "12" (a última delas en proindiviso), cunha edificabilidade total de 375,24 m2. A valoración proposta pola Xunta de Compensación, xustificada nun Informe subscrito pola arquitecta Dª Miriam Arcas Ardura-considerada correcta polo Arquitecto Técnico municipal- ascende a 229.392 euros. O aproveitamento urbanístico do 10% do total da actuación, adxudicado ó Concello no Proxecto de Compensación, intégrase no "Patrimonio Municipal do

Solo", cumprindo sinalar que de acordo co establecido nos artigos 174 e 177 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia, a finalidade do patrimonio municipal do solo é a de "... obter reservas de solo para actuacións de iniciativa pública, facilitar a execución do plan e contribuír á regulación do mercado de terreos destinados ó desenvolvemento urbanístico". Do mesmo xeito, o art. 177.2 LOUGA preceptúa que: "O municipio poderá allear os terreos incluídos no patrimonio municipal do solo, así como substituír a cesión de terreos correspondentes ao 10% do aproveitamento lucrativo por cantidade en metálico, ben mediante os correspondentes instrumentos de equidistribución ou ben mediante convenio, debendo destinar necesariamente os recursos obtidos a algunha das finalidades sinaladas no artigo anterior". Neste caso resulta obvio que a parcela resultante "12" adxudicada ó Concello en proindiviso (cunha porcentaxe de tan só o 40% sobre o total) non se axusta ós fins propios do Patrimonio Municipal do Solo. Ven sendo criterio desta Xefatura que en moitos casos resulta dubidoso que estes aproveitamentos urbanísticos resulten axeitados ós fins do patrimonio municipal do solo xa que pola súa escasa entidade non teñen capacidade para intervir ou regular de modo eficaz o mercado do solo, nin dimensión suficiente para unha actuación pública. Maiormente considerándose que na U.A. 2 Carrasqueira as vivendas resultantes son unifamiliares, cunha superficie e valor de repercusión do solo que supera con creces dos parámetros requiridos para actuacións de V.P.O.. Consideraríase, xa que logo, a conveniencia de relocalizar ese aproveitamento en áreas de oportunidade, onde é preciso transformar a cidade, e centralalos de xeito que a entidade das actuacións posibilite unha intervención real na regulación do mercado do solo, ou facilite a execución do Plan. Neste senso a monetarización do aproveitamento adxudicado en proindiviso ó Concello na parcela resultante "12" e a aplicación dos recursos así obtidos na adquisición de terreos localizados en áreas de oportunidade para a actuación municipal, resultaría un procedemento de interese e axustado á finalidade do patrimonio municipal do solo. Xa que logo, polas razóns expostas, estímase de interese para o Concello de Vigo acceder parcialmente á solicitude de adquisición pola Xunta de Compensación do aproveitamento urbanístico correspondente ó Concello resultante da cesión obrigatoria do 10% do aproveitamento total do polígono a cambio do seu valor económico, só no que se refire á adxudicación en proindiviso na parcela resultante "12". O Concello reterá a propiedade das fincas resultantes "10" e "11".

6º.- Paralelamente e co núm. de expte. 4531/401 tramítase o Proxecto de Urbanización deste polígono.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Este procedemento tramitouse consonte co disposto nos arts. 154 e ss. Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

O contido do Proxecto de Compensación axústase ó disposto na lexislación vixente e nos Estatutos e Bases de Actuación da XC.

As fincas resultantes do Proxecto de Compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación dos novos espazos libres e zonas verdes, consonte co disposto no Apto. 3.2.3.5.b) 'in fine' do vixente PXOU-93 (páx. 28 BOP nº 133, do 14/07/93). Esta carga real figura expresamente na descripción das fincas resultantes contida no proxecto de compensación.

II.- A XC solicita a substitución do aproveitamento urbanístico de cesión obrigatoria ó Concello (10% do total) polo seu valor económico. O Xerente de Urbanismo no seu Informe do 09/12/2004 antes transcrito considerou conviñente e de interese para o concello estimar parcialmente dita monetarización, só no que se refire á parcela resultante "12" adxudicada en proindiviso. O art. 177.2 LOUGA prevé expresamente dita substitución por cantidade en metálico, mediante o correspondente instrumento de equidistribución.

No Proxecto de Compensación ofrécesense ambas posibilidades alternativas (cesión do aproveitamento municipal e monetarización). A Xunta de Goberno Local deberá escoller a que resulte máis conveñente para o interese público.

III.- No que se refire ás alegacións interpostas durante o trámite de información pública, cumpre sinala-lo seguinte:

III.1.- Alegación formulada por D^a Dolores Varela Iglesias (09/11/2004).

Solicita, como propietaria da parcela primitiva "10" que se lle adxudiquen as fincas resultantes nun lugar máis centrado, citando orientativamente as núms. "18" e "19".

Os técnicos da XC e o arquitecto municipal acreditaron nos seus respectivos informes de datas 25/11/2004 e 09/12/2004 que as fincas resultantes adxudicadas á alegante no Proxecto de Compensación (núms. "13" e "14") sitúanse no lugar máis próximo posible ó de ubicación da súa finca primitiva. Parcela inicial que, por certo, está afectada en máis dun 50% da súa superficie pola nova zona verde e viais do polígono. Cumpríuse así o criterio de proximidade regulado no art. 116.1.g) LOUGA e art. 95 RD 3288/1978, do 25 de agosto, aprobatorio do Regulamento de Xestión Urbanística (RXU) -STS do 11/03/1999 (RJ 2173)-.

Proponse en consecuencia a desestimación desta alegación.

III.2.- Alegación formulada por D^a M^a Carmen Sanjuan Oliveira (22/11/2004).

Solicita que se lle recoñeza unha superficie de 1.030 m² na súa parcela inicial (núm. "20") en lugar dos 968 m² atribuídos no Proxecto de Compensación. Os técnicos da XC manifestaron o seguinte a este respecto no seu Informe do 25/11/2004:

"(...) la superficie que la alegante manifiesta ser de su propiedad consta incluída tal y como acredita el Concello en su informe de 26-11-2001, como parte de un camino mayor de 141 m² de superficie, dentro del Inventario de Bienes y Derechos del Excmo. Concello de Vigo como vial público municipal, lo que constituye una presunción de su titularidad. En segundo lugar, del examen de los servicios con los que cuenta el camino obtenido de las fotografías existentes y del plano núm. 02 del Estudio de Detalle aprobado definitivamente por el Excmo. Concello de Vigo, se puede observar que el mismo se encuentra asfaltado y dispone de los servicios de saneamiento de agua (con una arqueta al principio y otra al final del camino), alumbrado (con diversas farolas) y línea telefónica (con diversos postes de teléfono). En tercer lugar, de la consulta de los títulos más antiguos de los terrenos del polígono que lindan con el camino actualmente existente consta ya su existencia desde hace casi 50 años y su utilización comunal: En la escritura de la parcela nº 23, de 25-3-1965 linda al Sur con camino de servicio; en la escritura de la parcela nº 24, de 20-05-1967, linda al Sur con sendero. En la de la parcela nº 15, de 25-2-1959, linda al Sur también con sendero. En cuarto lugar, que la parcela tenga 1.030 m² deriva únicamente de su rectificación de superficie que se realiza unilateralmente por la alegante mediante escrito complementario de rectificación de superficie que realizan ante la Consellería de Economía e Facenda de la Xunta de Galicia en el año 2001. Por todo ello, se desprende que no ha quedado acreditada la titularidad de la alegante sobre los metros cuadrados que dice tener en el camino y sí la presunción de titularidad de la Administración municipal sobre el mismo, lo que hace que dicha titularidad no pueda ser calificada siquiera de dudosa (...)"

O Arquitecto municipal, no seu Informe do 09/12/2004 acadou a mesma conclusión. Por outra banda resulta de aplicación o art. 103 RXU, no que se dispón que: "En caso de discordancia entre os títulos e a realidade física das fincas, prevalecerá ésta sobre aqueles no expediente da reparcelación".

Polo exposto, proponse a desestimación desta alegación.

IV.- É competente para dicta-lo acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a fin de que, previo dictame do Consello da Xerencia de Urbanismo, adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Desestima-las alegacións interpostas por D^a M^a Dolores Varela Iglesias e D^a M^a Carmen Sanjuan Oliveira durante o trámite de información pública aberto no procedemento de referencia, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

SEGUNDO: Substituír a cesión de terreos correspondentes ó 10% do aproveitamento lucrativo do polígono na parcela resultante "12" pola cantidade de 37.526 euros (600,03 euros/m²). Condiciónase suspensivamente esta substitución ó pago efectivo dese importe, que deberá ingresarse na conta municipal de CAIXAGALICIA núm. 2091/0501/66/3110002530 no prazo de un mes, e acreditarse nesta Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do polígono "U.A. 2 - Carrasqueira" (Coruxo), promovido pola Xunta de Compensación dese ámbito -Expte. 4536/401-.

CUARTO: Este Proxecto de Compensación deberá ser inscrito no Rexistro da Propiedade no prazo de seis meses dende a súa aprobación definitiva, remitíndose a esta Administración municipal unha copia do mesmo coas debidas anotacións rexistras.

QUINTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós alegantes, Xunta de Compensación e demais propietarios do ámbito, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpór alternativamente Recurso de Reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal ou Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Cotencioso-Administrativo de Vigo. Notifíqueselle tamén ó departamento de "Patrimonio" para que proceda á inscrición no Rexistro Municipal de Bens das superficies adxudicadas ó Concello.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

30(1648).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PERI II-05 ROCÍO. EXPTE. 4520/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 2.12.04, que di o seguinte:

I.1. O PERI II-05 «ROCIO», ámbito de planeamento delimitado no vixente PXOU-93, foi aprobado definitivamente en sesión plenaria do 29.10.2001 (exp. nº 5621/411). Este acordo de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº 227, do 26.11.2001 e no DOG nº 238 do 11.12.2001. Ademáis, a súa normativa e ordenanzas de aplicación

publicáronse no BOP nº 56, do 21.03.2002 (pp.16-19). No dito PERI delimitábase todo o ámbito como un único Polígono, a executar mediante o sistema de compensación.

I.2. Os Estatutos e Bases de Actuación da Xunta de Compensación (XC) aprobáronse inicialmente polo Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU) en sesión do 05.09.2002 (BOP nº 183, do 24.09.2002; DOG nº 184, do 24.09.2002) e definitivamente, polo mesmo órgano, o 19.12.2002 (DOG nº 32, do 14.02.2003); exp. nº 4359/401.

I.3. A XC constituíuse en escritura pública de data 10.02.2003 outorgada perante o notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, co núm. 258 do seu protocolo, aprobada posteriormente polo Consello de Xerencia da XMU na súa sesión do 10.04.2003 (exp. nº 4437/401). Constan incorporados á XC a totalidade dos propietarios do ámbito.

I.4. Mediante Resolución do Director Xeral de Urbanismo da CPTOPV da Xunta de Galicia do 27.05.2003, foi inscrita a XC do PERI II-05 «ROCIO» no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras, co núm. 08/03.

I.5. A Asemblea Xeral da XC acordou, na súa reunión do 20.04.2004, someter a información pública e audiencia de todos os afectados o Proxecto de Compensación (PC) segundo o disposto no Art. 157.3 da LOUGA, habilitando ó seu Presidente para a realización de todas as xestións necesarias a ese fin. A tal efecto, notificóuselles a todos os propietarios a apertura do trámite de exposición ó público e publicouse o oportuno anuncio no BOP nº 91, do 13.05.2004, con indicación do prazo de presentación de alegacións (20 días) e do lugar e horario para a consulta do documento do PC.

I.6. Ademáis, en cumprimento do disposto na Base de actuación 12ª (Apdo. 10), segundo a que: «Antes de la aprobación inicial del proyecto de compensación y del sometimiento a información pública del mismo será remitida una copia del proyecto al Ayuntamiento de Vigo», presentouse, efectivamente, unha copia do PC no Rexistro xeral da XMU o 03.05.2004 (nº rex. 40044291).

I.7. Durante o trámite de información ó público e audiencia dos interesados presentáronse un total de oito (8) alegacións, segundo así resulta da certificación expedida con data 19.11.2004 polo secretario da XC, co visto e prace do seu Presidente. Tales alegacións foron xa informadas polo arquitecto (Sr. Cominges Molíns) e avogada (Sra. López-Chaves Castro) contratados pola XC. Ademáis, foron analizadas polo aparelador municipal da Oficina de Planeamento-Xestión no seu informe técnico de data 29.11.2004 (informe de valoracións) e polo arquitecto-xefe desa Oficina (informe técnico do 30.11.2004). Tamén serán obxecto de especial consideración neste informe-proposta.

I.8. Na Asemblea Xeral da XC realizada o pasado 12.11.2004, aprobouse o informe-contestación ás alegacións presentadas e o PC cunha porcentaxe do 74,448% das cotas de participación, segundo así tamén consta na certificación expedida polo secretario da XC o 19.11.2004.

I.9. O 22.11.2004, o Presidente da XC presentou no Rexistro xeral da XMU instancia (nº doc. 40118393) solicitando a tramitación e aprobación definitiva do PC que se achega, coa súa documentación anexa.

I.10. Informado técnicamente a anterior documentación polo arquitecto-xefe e o aparelador da Oficina de Planeamento-Xestión, remítese ó técnico de Admón. xeral que subscribe para que se emita o informe-proposta que en Dereito proceda.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- LRSV (L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e Valoracións).
- TRLS/92 (RDLEX.1/1992, do 26 de xuño, Texto Refundido da Lei sobre réxime do Solo e Ordenación urbana).
- LSG (L.1/1997, do 24 de marzo, do Solo de Galicia).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- RXU (RD.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión Urbanística; aplicable nos termos da Disposición transitoria 6ª LOUGA).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- RBEL (RD.1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais).
- CC (Código Civil, do 24 de xullo de 1889).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PERI II-05 «ROCIO» (BOP nº 56, do 21.03.2002).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O obxecto deste PC é a equidistribución de beneficios e cargas e a reparcelación dos terreos integrantes do Polígono, de acordo coa ordenación detallada que se contén no PERI II-05 «ROCIO». Trátanse de finalidades propias dos PC, a teor do preceptuado na LOUGA (Art. 157 e concordantes) e no RXU (Arts. 157 e concordantes).

III.2. Segundo o informe técnico do arquitecto-xefe da Oficina de Planeamento-Xestión do 30.11.2004, a reparcelación resultante proposta axústase á ordenación detallada no PERI e o contido principal do PC pode resumirse do seguinte xeito:

SUPERFICIE DO ÁMBITO	24.749 M2
NÚM. PARCELAS INICIAIS	23
EDIFICABILIDADE	24.724 M2/C
SUPERFICIE PROP.MUNICIPAIS	0 M2
CESIÓN DE ZONAS VERDES	8.469 M2 (Parcelas B1 e B2)
CESIÓN DE EQUIPAMENTOS	1.650 M2 (Parcela C)
CESIÓN DE VIARIO (TOTAL)	4.591 M2
NÚM. PARCELAS RESULTANTES	17 (12 vivs. unif.+5 bloques illados edif.colect.)

TOTAL APROVEITAMENTO LUCRATIVO	24.724 M2/C
Edificabilidade Residencial Unifamiliar	3.374,50 M2/C
Edificabilidade Residencial Colectiva	17.043,50 M2/C
Edificabilidade outros usos	4.306 M2/C

III.3. Tramítase este procedemento consonte co establecido no Art. 157 da LOUGA e nos preceptos do RXU de aplicación. O PC contén as determinacións previstas no Art. 172 do RXU e o acordo de aprobación pola XC foi adoptado, na Asemblea Xeral realizada o 12.11.2004, co quorum legalmente establecido (Art. 155.6 LOUGA).

III.4. Os predios resultantes do PC quedarán afectos, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación das novas zonas verdes, como así resulta do estipulado no Apdo. 3.2.3.5.b], «in fine», do PXOU-93 (p. 28 do BOP nº 133, do 14.07.1993). Esta carga real deberá figurar expresamente no Rexistro da Propiedade na descrición dos predios resultantes. Asemade, constituirase unha entidade urbanística colaboradora de conservación no momento da conclusión e recepción das obras de urbanización.

III.5. Canto á cesión legal obrigatoria do 10% do aproveitamento urbanístico, lémbrese que o Excmo. Concello de Vigo procedeu ó seu alleamento mediante permuta (de cousa futura) a favor da entidade mercantil «Compañía Viguera de Pinturas, S.A.», segundo resulta da escritura pública autorizada polo notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, do 21.05.2002, co núm. 1113 do seu protocolo; exp. nº 4225/401. Na actualidade, ese aproveitamento municipal (que se concreta en 2474,90 m2.c) pertence, por compraventa, á mercantil «Promociones Costa Galicia, S.L.» como así se acredita coas escrituras presentadas en anexo ó PC.

III.6. O orzamento dos gastos de urbanización recollido no PC debe considerarse de carácter meramente estimativo, como así se indica, subordinado ó custo real das obras de urbanización e dos gastos xerais de xestión e á súa oportuna acreditación documental.

III.7. Verbo das alegacións presentadas durante o trámite de información pública do PC, cómpre informar o seguinte:

- Alegación nº 1:
Dª Mª Asunción, Dª Antonia e Dª Mª Josefa Vicente del Pazo.

Solicitan que a valoración dos elementos indemnizables existentes sobre a parcela orixinal nº 22 se fixe en 42.787,50 €, achegándose taxación realizada por arquitecto Colexiado, visada polo COAG o 24.05.2004. Solicitan igualmente que a XC se faga cargo dos honorarios resultantes desa taxación de parte.

A teor dos informes técnicos da XC e do aparelador municipal, procedería:

- a) Estimar parcialmente esta alegación no sentido de fixar o importe total da indemnización a percibir na cantidade de 35.131,95 €, en lugar dos 29.426,25 € previstos no PC sometido a información pública.

b) *Desestimar a solicitude de aboamento con cargo á XC dos honorarios do perito contratado polas interesadas para xustificar a súa valoración.*

- *Alegación nº 2:*

Dª Modesta Fernández Fernández.

Actúa no seu propio nome e en representación do seu irmán, D. Antonio Fernández Fernández, e solicita que a valoración dos elementos indemnizables existentes sobre a parcela orixinal nº 20 se fixe en 67.540,62 €, achegándose taxación realizada por arquitecto Colexiado, visada polo COAG o 24.05.2004. Solicita igualmente que a XC se faga cargo dos honorarios resultantes desa taxación de parte.

A teor dos informes técnicos da XC e do aparellador municipal, procedería:

a) *Estimar parcialmente esta alegación no sentido de fixar o importe total da indemnización a percibir na cantidade de 61.618,83 €, en lugar dos 58.949,03 € previstos no PC sometido a información pública.*

b) *Desestimar a solicitude de aboamento con cargo á XC dos honorarios do perito contratado polos interesados para xustificar a súa valoración.*

- *Alegación nº 3:*

D. Antonio Arias Varela.

O alegante presentou unha taxación subscrita por arquitecto Colexiado na que se valoran os elementos a indemnizar da súa propiedade (parcela nº 23 [b]) en 76.454 €. A teor dos informes técnicos da XC e do aparellador municipal, procedería estimar parcialmente esta alegación no sentido de fixar o importe total da indemnización a percibir na cantidade de 40.005,00 €, en lugar dos 36.851,85 € previstos no PC sometido a información pública.

- *Alegación nº 4:*

Dª Amabelia Arias Varela.

[Rexistro xeral XMU 08.10.2004; nº doc. 40102110]

Aínda que esta alegación foi presentada dentro do período de exposición ó público do Proxecto de urbanización do PERI (exp. nº 4487/401), trátase en realidade dunha alegación ó PC, polo que será aquí contestada.

Nela, a interesada manifesta a súa disconformidade coa valoración inicial asignada no PC á súa propiedade (parcela nº 23 [a]) e achega outra, sen a sinatura de técnico ningún, na que se cuantifica en 51.598,08 € o valor dos elementos existentes por indemnizar. Como se sinala no informe do aparellador municipal, a precitada valoración resulta de difícil interpretación e non xustifica adecuadamente nin os valores empregados nin os coeficientes de antigüidade e de conservación. Tampoco aplica para establecer o valor de reposición o RD.1020/1993, do 25 de xuño, do Ministerio de Economía e Facenda.

Con todo, e a teor dese informe e do emitido sobre o particular polos técnicos da XC, procedería estimar parcialmente a alegación no sentido de fixar o importe total da indemnización a percibir na cantidade de 31.741,50 €, en lugar dos 29.125,69 € previstos no PC sometido a información pública.

- Alegación nº 5:

D. Manuel Ventura Fernández Fernández e outros.

[Rexistro xeral XMU 08.06.2004; nº rxtro. 40059273]

Achega coa súa alegación unha taxación realizada por arquitecto colegiado, visada polo COAG o 24.05.2004, no que se fixa o valor dos elementos indemnizables existentes na parcela orixinal nº 7 na cantidade de 57.569,40 €. A teor dos informes técnicos da XC e do aparelador municipal, procedería estimar parcialmente a alegación no sentido de fixar o importe total da indemnización a percibir na cantidade de 48.310,92 €, en lugar dos 39.342,78 € previstos no PC sometido a información pública para a parcela orixinal nº 7.

Solicita, por outra banda, que se valore o cese de actividade e traslado do bar que viña funcionando na planta baixa do inmovible sinalado co núm. 92 da rúa Tomas Paredes; cese motivado, segundo o interesado, pola aprobación do PERI. Tal pretensión non pode acollerse por canto que o cese da actividade, segundo se acredita polo propio alegante coa declaración presentada a efectos do IAE (30.06.2001) produciuse con anterioridade á aprobación definitiva do PERI II-05 «ROCIO» (Pleno 29.10.2001), no que se delimitaba todo o ámbito como un único Polígono, a executar mediante o sistema de compensación; momento ó que deben entenderse referidas as valoracións (Art. 24.b) LRSV por relación cos Arts. 101.a) e 174 RXU e Art. 117.1 LOUGA).

E isto á marxe de que o alegante non achegue documento ningún que sosteña ó seu favor ese hipotético dereito indemnizatorio, toda vez que o único que acompaña é aquela declaración de cese da actividade de bar presentada non por el senón por D^a Nieves Vázquez Costas. Tampouco habería lugar a un eventual dereito de realoxo/retorno ó abeiro do disposto na Disposición adicional 4^a do TRLS/92, polas razóns apuntadas no informe da XC ó que neste punto expresamente nos remitimos a fin de evitar innecesarias reiteracións.

Maniféstase tamén polo alegante que a edificación existente no núm. 79 da rúa Pardaiña quedaría «fóra de ordenación» (por incumprir o recuado mínimo lateral), sendo ademáis a parcela na que se situa inferior á mínima esixible (500 m².), polo que solicita que non se manteña e se fixe a valoración correspondente conforme co disposto nos Arts. 90 e 91 do RXU e 116.2 da LOUGA. Tal alegación debe ser tamén desestimada xa que: (1) Só se estimarán como elementos non conservables aqueles cuxa eliminación sexa necesaria para executar as obras de urbanización [Art. 98.2 RXU e Base de actuación 6^a]; (2) A parcela resultante nº 3 ten unha superficie de 600 m²., superior polo tanto á establecida como mínima no planeamento e correspóndelle unha edificabilidade de 300 m²c. (3) A superficie edificada que alega o interesado quedaría, pois, comprendida nunha parcela resultante de maiores dimensións, o que determina a aplicabilidade do Art. 90.d) do RXU e, en consecuencia, a adxudicación prevista no PC ós primitivos propietarios do predio resultante núm. 3.

Por último, sinalan que esa edificación corresponde na actualidade a tres familiares e, sen embargo, adxudícase a nova parcela regularizada no PC a un só deles, o que implicaría diferencias de adxudicación. Sen embargo, os interesados non poden descoñecer que en data 14.04.2004 asinaron un documento privado cos representantes de «Promociones Costa Galicia, S.L.» e «Bouza Alta, S.L.» (presentado no Rexistro xeral da XMU o 02.12.2004; nº doc. 40122779) no que manifestaron de forma expresa a súa conformidade coa proposta de adxudicación de predios resultantes alí reseñada e agora recollida fielmente no PC; proposta na que, precisamente, se asignaba a D. Luís Fernández Fernández o pleno dominio da totalidade das parcelas núms. 3 e 4. O carácter incidental deste motivo de alegación e, sobre todo, a mínima congruencia e boa fe esixible ós alegantes aconsellaría non modificar neste punto as previsións do PC aprobado pola Asemblea Xeral da XC.

- Alegación nº 6:
D. Raimundo Iglesias Pérez e outros.

Examinado o contido desta alegación procedería:

- a) Estimar parcialmente o apartado relativo á valoración dos elementos indemnizables que, de acordo cos informes técnicos da XC e do aparelador municipal, quedaría establecida para as parcelas orixinais núms. 18.a], 18.b] e 18.c] na cantidade total de 164.916,83 € (82.680,82€ +47.594,93€+34.641,08€), en lugar dos 107.326,16 € (45.322,51€+35.812,35€+26.191,30€) previstos no PC sometido a información pública e fronte ós 265.450,40 € pretendidos polos alegantes.

Signifícase que na valoración da parcela 18.a] incluíuse a das especies vexetais, efectuada polo servizo municipal de Patrimonio histórico en data 20.10.2004 e asumida polo perito técnico da XC. Tal valoración ascende á cantidade total de 34.736,20 €, inferior á recollida no informe-valoración do arquitecto colegiado que se achega coa alegación do interesado, pero moi superior á que figuraba no PC sometido a información pública (1.584 €).

- b) Desestimar os demais motivos de alegación con base no informe técnico e xurídico da XC, aprobado na Asemblea Xeral da XC do 20.04.2004, cuxos fundamentos compártense no esencial, sen prexuízo do que antes se dixo e máis adiante se proporá en relación coa obriga de mantemento das zonas verdes de nova creación, segundo resulta do preceptuado no Apdo. 3.2.3.5.b], «in fine», do PXOU-93 (p. 28 do BOP nº 133, do 14.07.1993).

En todo caso, pola súa directa relación co interese público cuxa defensa ten encomendada esta Administración, sí resultaría oportuno indicar, a maiores, o seguinte:

- 1) Constan no exp. nº 4520/401 as citacións ó Sr. concelleiro-delegado de Urbanismo para asistir tanto á reunión do Consello Rector do 14.04.2004 (doc. nº 40033177, do 01.04.2004) como á Asemblea Xeral celebrada o 20.04.2004 (doc. nº 40038506, do 16.04.2004). A súa inasistencia non determina, en contra do afirmado polos alegantes, ningún vicio de nulidade ou anulabilidade do PC.

- 2) Como se explicou anteriormente (Apdo. III.5 deste informe-proposta), o Concello de Vigo alleou mediante permuta (de cousa futura) o 10% do aproveitamento urbanístico do que era titular neste Polígono por disposición da lei (Art. 14.2.c] LRSV e Arts. 18.b] e 20.1.c] LOUGA). Así resulta dos acordos adoptados polo Consello de Xerencia da XMU do 07.02.2002 e polo Pleno da Corporación do 25.02.2002 (que resultaron firmes) e da escritura pública de permuta autorizada polo notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, do 21.05.2002, co núm. 1113 do seu protocolo.

No expediente administrativo municipal tramitado ó efecto (exp. nº 4225/401) quedou acreditada a utilización deste procedemento excepcional de alleamento dos bens do PMS e da concreta modalidade de «permuta de cousa futura» (Arts. 1271.1 e 1538 CC), a concurrencia dos supostos fácticos que o lexitimaban; entre eles, a xustificación da súa necesidade para o interese público, a correcta utilización dos bens integrantes do PMS conforme á normativa aplicable, a valoración técnica previa dos bens obxecto de permuta que acredite de forma fidedigna o seu prezo xusto e que a diferenza de valor entre eles non sexa superior ó 40% do que o teña maior, así como a observancia do procedemento legalmente establecido, incluída a oportuna comunicación ó órgano competente da Comunidade Autónoma (Arts. 112.2 e 118 RBEL; Art. 155 LSG; Arts. 276.1 e 277.1 LALGA).

Obviamente, unha vez consumado o alleamento do aproveitamento municipal a favor de «Compañía Viguera de Pinturas, S.A.», conforme a unha valoración técnica que -por certo- os alegantes en ningún momento cuestionan, quedaban fóra do ámbito de disposición municipal as sucesivas transmisións producidas entre privados conforme ós prezos e condicións libremente fixados entre eles.

- 3) Sobre a participación en gastos de urbanización do aproveitamento municipal transmitido, cómpre aclarar que as cotas de participación en gastos de urbanización calculáronse inicialmente excluíndo a porcentaxe do 10% municipal, o que agora é correcto de acordo co Art. 20 da LOUGA. Sen embargo, no momento da transmisión daquel aproveitamento (21.05.2002) e na valoración efectuada polo técnico municipal o 09.10.2001 sí se tivo en conta esa circunstancia. Por esta razón e a fin de evitar un enriquecemento inxusto do seu actual titular («Promociones Costa Galicia, S.L.»), a XMU instou a corrección deste extremo no PC; polo que na versión aprobada pola Asemblea Xeral da XC xa consta que os gastos de urbanización correspondentes ó 10% municipal serán aboados integramente pola mercantil. Deste xeito, a participación en gastos de urbanización de cada propietario coincide coa súa porcentaxe en adxudicación de edificabilidade.
- 4) Finalmente, en relación coa porción de terreo de 43,17 m². á que se refire o alegante, situado entre o límite do PERI e a vivenda existente na parcela orixinal núm. 18, informa o arquitecto-xefe de Planeamento-Xestión que: (a) A delimitación do ámbito do PC é coincidente co do Polígono do PERI que desenvolve; (b) Na delimitación dese ámbito axustouse o mesmo por parcelas completas do parcelario catastral, excluíndo a nº 443519 (rúa Tea nº 6), en aplicación do Apartado 3.2.2. das normas urbanísticas do PXOU-93, por ter máis superficie en solo urbano de Ordenanza 1.3.D.; (c) Tampouco non se incluíu a parte da rúa Tamuxe á que da fronte a parcela do interesado, que figura no inventario municipal de vías e no parcelario catastral como vía pública, a pesar de que estea na actualidade ocupada privativamente, o que deberá poñerse en coñecemento do Departamento municipal de Patrimonio ós debidos efectos.

- Alegación nº 7:

«Picosur, S.L.».

[Rexistro xeral XMU 04.06.2004; nº rxtro. 40058233]

Examinado o contido desta alegación procedería desestimala con base no informe técnico e xurídico da XC, cuxos fundamentos compártense no esencial. En todo caso, pola súa directa relación co interese público cuxa defensa ten encomendada esta Administración, sí resultaría oportuno indicar, a maiores, o seguinte:

- 1) *Como xa se dixo en resposta á alegación anterior, sí constan as citacións ó Sr. concelleiro-delegado de Urbanismo para asistir tanto á reunión do Consello Rector do 14.04.2004 (doc. nº 40033177, do 01.04.2004) como á Asemblea Xeral celebrada o 20.04.2004 (doc. nº 40038506, do 16.04.2004). A súa inasistencia non determina, en contra do afirmado polo alegante, ningún vicio de nulidade ou anulabilidade do PC.*
- 2) *Reitérase igualmente na súa integridade o manifestado antes sobre a disposición do aproveitamento urbanístico municipal mediante permuta e sobre a observancia no expediente tramitado para o efecto (exp. nº 4225/401) dos requisitos formais e substanciais prescritos para esta modalidade excepcional de alleamento no RBEL, na LALGA e nas demais disposicións de pertinente aplicación.*
- 3) *Nin o PERI II-05 «ROCIO» nin as Bases de actuación aprobadas estableceron coeficientes de ponderación en función das tipoloxías e usos previstos ou das concretas localizacións dos predios resultantes do proceso reparcelatorio. O PC atribúe igual valor ás dúas tipoloxías de uso residencial propostas (unifamiliar e colectiva) e no informe de contestación ás alegacións da XC xustifícase o anterior en función dos prezos de venda, custos de construción, proxectos, etc., citándose expresamente determinados precedentes administrativos que avaliarían tal equiparación. Tamén se apoia ésta na aplicación no PC -alomenos con carácter xeral- do criterio de proximidade dos predios adxudicados ás antigas propiedades (Arts. 116.1.g] LOUGA, 95 RXU e Base de actuación 12ª, Apdo. 7). O certo é que, fronte a eses argumentos, nin polo representante de «Picosur, S.L.» nin polos anteriores alegantes (D. Raimundo Iglesias Pérez e outros), que formulaban reparo semellante, se achegou ningún dato ou elemento de xuízo que permita a esta Administración verificar de forma indubitada a alegada diferenza de valor entre unha e outra tipoloxía edificatoria, o que impide estimar a súa pretensión.*

- Alegación nº 8:

D. Manuel Rodríguez Pérez.

[Rexistro xeral XMU 22.06.2004; nº rxtro. 40065553]

Examinado o contido desta alegación procedería desestimala con base no informe técnico e xurídico da XC, cuxos fundamentos compártense no esencial, informándolle ó interesado que, cos datos de que se dispón (título de propiedade, certificación catastral e reportaxe fotográfica) e de acordo co informe do topógrafo municipal de data 18.08.2004: (1º) A vivenda sinalada co núm. 10 da rúa Ulla atópase situada fóra do ámbito do Polígono de

actuación do PERI; (2º) A banda de 2 m. ocupada por unha "beirarrúa" construída ó parecer polo interesado, trátase en realidade dunha soleira de formigón situada no lindeiro Sur da súa propiedade pero fóra da mesma.

Alega o interesado que adquiriu esa banda de terreo en virtude de usucapión pero non acredita -nin indiciariamente- tal pretensión (xusto título, boa fe, etc.); pretensión que, en todo caso, deberá facer valer perante a xurisdicción civil ordinaria, que é a única competente para tal fin.

IV. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Tal como se sinala no informe do arquitecto-xefe de planeamento, a cesión obrigatoria ó Concello das parcelas resultantes B1 e B2, para zona verde pública, debe realizarse totalmente libre de cargas e servidumes. Polo tanto, non pode aceptarse que se plantexe nos planos núms. 4, 5, 6 e 7 do PC (que non na súa Memoria) un acceso ó bloque RT2 desde a rúa Tomás Paredes e a través da zona verde V2, non previsto no PERI. Deberá procederse á corrección deste extremo e acreditarse fidedignamente diante da XMU antes da súa inscrición rexistral.

V. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU, a adopción do seguinte, acordo:

PRIMEIRO: *Estimar parcialmente, no sentido indicado nos informes técnicos e xurídicos da Xunta de Compensación, do aparelador de Planeamento-Xestión, do arquitecto-xefe desta Oficina e do técnico de Admón. xeral, transcrito na parte expositiva deste acordo, as alegacións presentadas ó Proxecto de Compensación do PERI II-05 «ROCIO» por Dª Mª Asunción, Dª Antonia e Dª Mª Josefa Vicente del Pazo, Dª Modesta Fernández Fernández, D. Antonio Arias Varela, Dª Amabelia Arias Varela, D. Manuel Ventura Fernández Fernández (e outros) e D. Raimundo Iglesias Pérez (e outros). Desestimar, por contra e con base nos mesmos informes, as alegacións de «Picosur, S.L.» e de D. Manuel Rodríguez Pérez.*

SEGUNDO: *Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do PERI II-05 «ROCIO» (exp. nº 4520/401), con planos visados polo COAG o 17.11.2004, que foi aprobado na Asemblea Xeral da Xunta de Compensación urbanizadora do ámbito realizada o 12.11.2004 e presentado no Rexistro xeral da Xerencia de Urbanismo o 22.11.2004, debendo non obstante eliminarse deses planos a previsión dun acceso ó bloque RT2 desde a rúa Tomás Paredes e a través da zona verde V2, de cesión obrigatoria ó Concello, en pleno dominio e libre de cargas.*

TERCEIRO: *O Proxecto de Compensación deberá inscribirse no Rexistro da Propiedade no prazo de seis (6) meses desde que sexa firme en vía administrativa e comunicarse a esta Administración a referencia rexistral dos predios de cesión obrigatoria adxudicados á mesma. Na inscrición rexistral de cada un dos predios resultantes edificables deberá figurar como carga real a obriga de asumir o custo de conservación das zonas verdes do Polígono, na cota de participación que lle*

corresponda, debéndose constituir unha entidade urbanística colaboradora de conservación logo da conclusión e recepción das obras de urbanización.

CUARTO: *Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do Polígono, con indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición antes esta Administración municipal no prazo de un (1) mes ou recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses.*

QUINTO: *Comuníquese tamén ó Departamento municipal de Patrimonio para a práctica das inscricións que procedan en relación cos predios obxecto de cesión ó Concello (viario, zonas verdes e equipamento) e para a adopción das medidas que correspondan en relación coa ocupación privativa parcial da rúa Tamuxe».*

Non obstante, o Consello de Xerencia e a Xunta de Goberno Local decidirán, co seu superior criterio, o que estimen procedente.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

31(1649).- CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL 03.23 BARUXÁNS B EN BEMBRIVE. EXPTE. 4530/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, do 14.10.04, que di o seguinte:

FEITOS

1º.- *En data 02/09/2002 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial "03.23.Baruxáns-B" (Bembrive) -Expte. 5823/411-. As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP núm. 206, do 25/10/2002.*

2º.- *No 18/06/2004 D. Enrique Bastos Rodríguez presentou un escrito na Xerencia Municipal de Urbanismo comunicando a adhesión dos propietarios titulares dun 97,96% da superficie do polígono "1" dese Plan Parcial ó modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado definitivamente polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003 e publicados no BOP do 02/01/2004. Achegou a tal efecto copia auténtica da correspondente "Acta de Adhesión" protocolizada no 15/06/2004 perante o notario de Vigo D. Jose Antonio Rodríguez González co núm. 1422 do seu protocolo.*

Mediante oficio do Xerente de Urbanismo do 14/07/2004 requiríuselle ós propietarios do ámbito para que se constituísen en Xunta de Compensación.

3º.- *No 21/09/2004, D. Enrique Bastos Rodríguez interpuxo un escrito nesta Administración municipal comunicando a constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono e solicitando a súa aprobación e inscrición no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras. Achegou ó efecto Escritura Pública de*

constitución, outorgada no 09/09/2004 perante o notario de Vigo D. Luis Rajoy Brey co núm. 1.198 do seu protocolo, así como copia dos respectivos títulos de propiedade e escritura de ratificación da constitutiva, outorgada no 10/09/2004 perante o notario D. José Antonio Somoza Sánchez co núm. 2.173 do seu protocolo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A constitución da Xunta de Compensación do polígono 1 do Plan Parcial 03.23.Baruxáns-B axústase ó disposto no art. 155 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

A Xunta de Compensación rexirase polo modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003, publicado no BOP do 02/01/2004.

Os propietarios que non se adhiran nin incorporen voluntariamente á Xunta de Compensación serán obxecto de expropiación forzosa.

É competente para emitilo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, proponse ó Consello para que á súa vez lle propoña á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono 1 do Plan Parcial 03.23.Baruxáns-B, outorgada en Escritura Pública en data 09/09/2004 perante o notario de Vigo D. Luis Rajoy Brey co núm. 1.198 do seu protocolo (expte. 4530/401). Rexirase polo modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11/12/2003, publicado no BOP de Pontevedra do 02/01/2004.

SEGUNDO: Requirit os propietarios do polígono non incorporados á Xunta de Compensación a fin de que no prazo máximo dun mes manifesten perante fedatario público a súa adhesión á xunta de compensación, comunicándollo por escrito dentro dese mesmo prazo. Advirtaselles de que no caso de non efectuar dita adhesión serán obxecto de expropiación forzosa.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal na Xunta de Compensación ó Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo.

CUARTO: Solicitar na Administración autonómica a inscrición da Xunta de Compensación no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

QUINTO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo á totalidade dos propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

32(1650).- PROPOSTA DE ACORDO SOBRE PROCEDIMENTO PARA A REVISIÓN DE OFICIO DE LICENZA, EN EXECUCIÓN DE SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO R.C.A. 287/2004. EXPTE. 35668/421.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Disciplina Urbanística, do 17.11.04, conformado pola xefa de dito Servizo e o secretario xeral, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 21 de xuño de 2004 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo dictou sentenza no recurso contencioso-administrativo nº 287/2004 interposto por D. José Manuel Alonso Estévez e Dª Pilar Montes Molares contra a desestimación presunta por silencio administrativo da petición de revisión de oficio da licenza de obras outorgada a Dª Nuria Caballero Pérez por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19/09/2002, autorizando a construción de unha vivenda unifamiliar na Rúa Penís, Cabral (Vigo), composta de semisoto destinado a garaxe e planta baixa adicada a vivenda, cunha superficie total a construír de 218,09 m², e impondo as obrigas de cesión de 10,80 m² de terreo ó Concello para ampliación de vial e de declaración da indivisibilidade da parcela nunha superficie de 534,20 m².

2. No fallo da sentenza se estima parcialmente a pretensión exercitada polos recorrentes, condenando ó Concello de Vigo, como literalmente consta, "a iniciar, tramitar y concluir el procedimiento previsto en el art. 102 LPAC para la revisión de oficio de la licenza otorgada en el expediente núm. 35.668/421, formulando proposta de resolución y remitiendo el expediente al Consello Consultivo de Galicia para su dictamen preceptivo".

3. Con data de entrada no rexistro de 16/09/2004 (documento nº 40094851) os representantes legais de D. José Manuel Alonso Estévez e Dª Pilar Montes Molares presentaron escrito no cal poñen en coñecemento do Concello a Providencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo de data 21/07/2004 declarativa da firmeza da sentenza (xuntando copia da mesma e copia da sentenza) e solicitan a execución da mesma.

4. O correspondente expediente de revisión da licenza foi incoado mediante Resolución do Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/09/2004, outorgando ás partes un prazo de 15 días para a formulación de alegacións, e tendo sido notificadas ambas con datas 06/10/2004 e 11/10/2004, segundo acuses de recibo obrantes no expediente.

5. Finalizado o prazo para a presentación de alegacións, a data de hoxe unicamente consta a oposición de Dª Nuria Caballero Pérez, manifestada en escrito de alegacións presentado no rexistro da Xerencia o 29/10/2004 (documento nº 40110045).

6. En execución da sentenza referenciada, o Concello ten a obriga de proceder a acorda-la revisión de licenza en execución de sentenza, previa tramitación do procedemento legalmente establecido.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Ós oportunos efectos en relación co procedemento de revisión da licenza de obras outorgada no seu día a Dª Nuria Caballero Pérez, cómpre salientar tres aspectos fundamentais:

I. Resolución das alegacións presentadas pola referida interesada. Procedencia ou improcedencia da estimación das mesmas e existencia de sentencia contencioso-administrativa firme.

II. Procedemento de revisión de licencias: sometemento ó criterio do órgano competente e posterior remisión ó Consello Consultivo de Galicia para dictamen previo e preceptivo con anterioridade á anulación da licencia.

III. Non concorrencia de circunstancias xeneradoras de responsabilidade patrimonial para Administración municipal. Apariencia xurídica lexítima creada pola solicitante de licencia e función positiva da cousa xulgada.

I. a) En primeiro lugar resulta necesario realizar unha análise das alegacións presentadas por D^a Nuria Caballero Pérez con data 29/10/2004. A afectada formula unha alegación “previa” e catro motivos de discrepancia coa resolución de incoación de expediente de revisión de licencia; a alegación “previa” baséase nos límites da revisión establecidos pola Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), modificada por Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, cuio artigo 106 establece coma límites para a revisión de actos administrativos a prescripción de accións, o transcurso do tempo, ou outras circunstancias que poidan dar lugar a que o exercicio da dita facultade deveña contrario á equidade, á boa fe, ó dereito dos particulares ou ás leis. Estímase que este motivo non ten sustento lóxico nin legal algún, por canto que é a propia Constitución española de 1978 a que contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumpli-las sentencias e demais resolucións firmes emanadas dos Xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ó principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103.1). Deste xeito, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que poidan dar lugar a un suposto de revisión contraria á equidade, boa fe, ós dereitos dos particulares ou ás leis, toda vez que non se trata dunha actuación decidida de xeito improvisado e arbitrario- o cal está prohibido polo artigo 9.3 da Constitución - senón da execución dunha resolución xudicial FIRME.

Lémbрасelle á alegante que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento, na forma e nos termos que nestas se consignent, como ben recolle o artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentencias haberán de cumprirse nos seus propios termos.

Na sentencia dictada o 21 de xuño de 2004 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo nº 287/2004 recóllese literalmente no fallo que” en consecuencia, condeno al Concello de Vigo a iniciar, tramitar y concluir el procedimiento previsto en el artículo 102 LPAC para la revisión de oficio de la licencia otorgada en el expediente núm.35.668/421, formulando propuesta de resolución y remitiendo el expediente al Consello Consultivo para su dictamen preceptivo.”

A dita sentencia é firme no momento actual, como así consta en Providencia dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo con data 21/07/2004, á vista do cal, non procede estimar alegación algunha sobre a inadecuación á lei ou ó dereito da iniciación do expediente de revisión de licencia.

Asemesmo, expóñense unha serie de circunstancias persoais da titular da licencia e da súa situación socio-económica e familiar, as cales, como resulta obvio, non poden ser consideradas polo Concello, tanto por pertencer á esfera subxectiva dos particulares, coma pola súa carencia de virtualidade xurídica, ó estar a Administración suxeita ó principio constitucional de obxectividade recollido no citado artigo 103.1 da CE 1978; non podendo, en ningún caso, ser utilizadas para desvirtua-lo mandato xudicial.

A parte alegante xa exercitou o seu dereito á tutela xudicial efectiva en sede xurisdiccional, correspondendo ós xuíces e tribunais a función de xulgar (e executa-lo xulgado), non ó Concello.

b) En canto ás demais alegacións, a primeira unicamente sinala que D^a Nuria Caballero Pérez obtivo licencia de obras para a construción de vivenda unifamiliar tramitada en expediente nº 35.668/421, e que lle ten que constar ó Concello. A resposta é obvia, xa que, como é lóxico, na Oficina de Licencias da Xerencia Municipal de Urbanismo se tramitan expedientes de licencias de obra e apertura, tendo o debido control dos mesmos, xa que a responsabilidade da tramitación, de conformidade co artigo 41 da Lei 30/1992, de 26 de novembro (LRXAP-PAC) recae sobre os titulares das unidades administrativas e no persoal ó servicio das Administracións Públicas que tivesen ó seu cargo a resolución ou despacho dos asuntos; o expediente administrativo de referencia é presuposto básico do asunto que nos ocupa, e obra no Arquivo da Xerencia, tendo sido remitida copia ós Xulgados cando así o requiriron, polo que se aprecia este motivo de alegación coma certamente incongruente.

c) A segunda alegación remóntase á orixe e circunstancias da finca denominada “Penis de Arriba”, da que traen causa as parcelas de D^a Nuria Caballero Pérez e dos denunciante- e posteriormente litigante- D^a Pilar Montes Molares e D. José Manuel Alonso Estévez.

Como sinala ata a exhaustividade a Xurisprudencia do Tribunal Supremo, “... non corresponde á Administración controlar a través da licencia a titularidade dominical do terreo no que se pretende construír. Non é a licencia urbanística instrumento adecuado para verificar situacións xurídico-privadas, cúa definición, por outra banda, non habería de corresponder á Administración, senón ós Tribunais Cívís. Todo iso se traduce na operatividade da cláusula “salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de 3º” que aparece recollida no artigo 12.1 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais.” (STS de 29 de maio de 1.989) (STS de 30 de decembro de 1.986, entre outras).

No mesmo sentido se expresa a STS de 11 de febreiro de 1.997, na que literalmente o Tribunal afirma que “... sin que o procedemento administrativo nin ou nesta xurisdicción (contencioso-administrativa) poda ser debatida a propiedade dos bens obxecto da acción recuperatoria da posesión, podendo os interesados recurrir á xurisdicción civil para exercer as accións relativas ó dominio dos bens: doutrina reiteradamente exposta por este Tribunal nas SSTs de 2 de xullo de 1.991 e as que nela se consignan (19 de setembro de 1.990, 4 de xaneiro de 1.991 e 7 de febreiro de 1.994).

Pero o fundamento xurisprudencial máis evidente e aplicable ó caso concreto o proporciona o propio Xulgado do Contencioso-Administrativo na Sentencia de 21 de xuño de 2004, no fundamento xurídico 5º, establecendo que “...”cualquier posible duda ha quedado despejada por la sentencia dictada con fecha 15.03.2004 por el Juzgado de Primera Instancia nº 9 de Vigo (Juicio Ordinario núm. 473/2003), cuyo fallo es del tenor literal siguiente: “Que estimando parcialmente las pretensiones de la parte actora debo declarar y declaro que el camino de servicio que da acceso a la finca propiedad de Nuria Caballero Pérez a la Rúa Penís pertence a la finca propiedad de Pilar Montes Molares y José Manuel Alonso Estévez, y en consecuencia se ordena la rectificación registral a costa de Nuria Caballero Pérez en el sentido de eliminar en el lindero Norte la referencia a José Manuel Alonso Estévez y en el lindero Oeste, debe de suprimirse el lindero con la Rúa Penís.”

Resulta evidente que a situación civil da parcela queda claramente resolta pola sentenza civil de instancia, sen que esta Oficina estime oportuno abundar na materia.

d) A terceira alegación que se formula ten por obxecto expoñer que a parcela na que se ubica a edificación cumpre, no momento actual, coa condición de soar esixida na normativa urbanística. Debe saber a alegante que no expediente que nos ocupa non se trata de decidir sobre a posibilidade de legaliza-las obras realizadas, nin de analiza-la aplicación temporal das leis e normas xurídicas; como parte que foi no proceso contencioso-administrativo, saberá que na sentenza de referencia sinalase (Fto. Xurídico 5º) que “...” de los documentos aportados, y de las propias alegaciones de la codemandada en este proceso (que admite- en abierta contradicción

con lo declarado al Concello para obtener la licencia- que la finca carece de acceso público y que se trata de una servidumbre de paso sobre la finca de los actores)..”

Non cabe máis que lembrar as condicións recollidas no artigo 16 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e protección do Medio Rural de Galicia, cando di que “ terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que, EN TODO CASO, contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento e auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica, iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existira planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións, rasantes e normas técnicas establecidas por éste.” Condicións que, a data de hoxe e analizadas as resolucións xudiciais recaídas nos procedementos civil de instancia e contencioso, non cumpre a parcela na cal se ubica a edificación construída pola titular da licencia.

e) Por último, e en relación ó cuarto motivo de alegación, non procede a súa consideración, por reproducir en esencia valoracións e apreciacións subxectivas e solicita-lo arquivo do expediente, o cal non resulta posible por tratarse dun procedemento de execución de sentenza firme.

II. A presente proposta de Acordo ten o seu fundamento legal -ademais de na Sentencia do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo reiteradamente citada- no artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC), modificada por Lei 4/1999, no que se contempla o procedemento de revisión pola Administración de actos administrativos afectados polas causas de nulidade previstas no artigo 62 da mesma norma, entre os que se atopan os actos expresos ou presuntos contrarios ó ordenamento xurídico polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

A finalidade esencial do procedemento de revisión foi claramente definida no Dictame nº 9/99, de data 11 de febreiro de 1999, do Consello Consultivo de Galicia, cando sinala que “a revisión de oficio dos actos administrativos constitúe unha fórmula privilexiada e excepcional, en canto que é unha actividade que ten por fin expulsar do mundo do dereito, por unilateral pronunciamento do órgano xurídico competente e sen acudir ó proceso contencioso-administrativo, algunha das súas decisións anteriores, sobrevidamente apreciada; decisións que, en canto actos administrativos, por expresa previsión legal, gozan dunha presunción de certeza e axuste á legalidade”.

No suposto que nos ocupa, o Acordo do Consello da Xerencia polo cal se outorgou licencia de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar permitiu a Dª Nuria Caballero Fernández exercita-lo seu dereito a edificar- sempre nas condicións da licencia-, dado que dispoñía dos requisitos legal e regulamentariamente esixidos a tal efecto (fronte á vía pública, superficie mínima de parcela e axuste do proxecto técnico á ordenanza 1.3.B do PXOU, de vivenda unifamiliar illada de media densidade). Requisitos que posteriormente deviñeron inexistentes, como sinalan as referidas sentencias civil e contencioso- administrativa, dado que o fronte á vía pública se obtivo mediante a apropiación (e correspondente inscrición) dun camiño de servizo ou servidume de paso propiedade de veciño colindante.

En atención ó procedemento establecido na dita Lei 30/1992 se esixe o previo dictamen favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma (neste caso, o Consello Consultivo de Galicia).

O expediente de revisión foi incoado por Resolución do Concelleiro Delegado da Área de Urbanismo-Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28/09/2004, que é o órgano competente para a incoación de expedientes de conformidade co Decreto da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004, de delegación de

competencias nos Concelleiros-Delegados de Área; no seu apartado terceiro 5º, este Decreto establece a competencia dos Concelleiros-Delegados de Área para “decretar a incoación de expedientes en materias relacionadas coa área, sinalando o funcionario encargado da súa tramitación, impulsando a instrucción completa e adecuada dos mesmos e procurando a súa resolución en prazo, adoptando as medidas provisionais precisas que se estimen oportunas e ordenando, no seu caso, a mellora das solicitudes presentadas e a acumulación daquelas que garden identidade substancial nos termos previstos na Lei.”

O órgano competente para a adopción do acordo de revisión resulta ser a Xunta de Goberno Local, en aplicación da competencia establecida no artigo 127.1.k) da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo nova redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e onde se consigna que será competente o dito órgano para o exercicio das facultades de revisión de oficio dos seus propios actos, previo coñecemento do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Como sinala o Consello Consultivo de Galicia en Dictame nº 2/99, de data 5 de febreiro de 1999, de entre os requisitos formais esixidos para que dito órgano poda proceder á emisión do preceptivo dictame, o máis trascendental é “a incorporación ó expediente completo de un “proxecto ou proposta de resolución” (como así é esixido polo artigo 47.2 do Decreto 287/1996, do 12 de xullo) redactada por órgano administrativo competente e asumida por aquel ó que lle corresponde o acordo ou resolución final, na que se expresen, de xeito ponderado e por separado, cada unha das razóns xurídicas que vaian ser empregadas para motivar este acordo (motivación requirida polo artigo 54.b) da LRXPAC de 1992), servindo así esa proposta de resolución de fundamento xurídico da decisión final adoptada”.

III. Non concorrencia de circunstancias xeneradoras de responsabilidade patrimonial para Administración municipal. Apariencia xurídica lexítima creada pola solicitante de licencia e función positiva da cousa xulgada.

No presente caso, e considerando a probable anulación da licencia unha vez rematado o procedemento de revisión, resulta convinte analiza-la concorrencia de responsabilidade patrimonial.

O instituto xurídico da responsabilidade patrimonial da Administración, recollido con carácter xeral no artigo 106.2 da Constitución e desenrolado no Título X da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC); no artigo 139 se consagra o dereito dos particulares a ser indemnizados por toda lesión sufrida nos seus bens e dereitos, salvo nos supostos de forza maior, e sempre que tal lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos. Dito dano haberá de ser efectivo, susceptible de avaliación económica e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas.

A licencia de obras outorgada no seu día a Dª Nuria Caballero Pérez baseouse en dúas premisas esenciais: a presentación dun proxecto técnico teóricamente axustado ó planeamento vixente e a aparencia xurídica de lexitimidade da documentación aportada pola solicitante. En concreto -e como quedou demostrado polas sentencias civil de instancia e contenciosa amplamente referenciadas- o título de propiedade da parcela na cal se pretendía a construción (escritura de doazón de data 30/12/1999 e escritura de rectificación da mesma de data 03/08/2001 inscritas no Rexistro da Propiedade) resultou ser falso en canto ós lindeiros. Nembargantes, a presunción “iuris tantum” de veracidade e lexitimidade do mesmo vén cando menos avalada ou respaldada pola sinatura do Rexistrador practicando a inscrición, sempre en tanto non se declare a inexactitude dos dereitos inscritos, como establecen os artigos 605 a 608 do Código Civil en relación coas previsións do artigo 1 do Decreto de 8 de febreiro de 1.946, do Texto Refundido da Lei Hipotecaria, cando sinala que “o Rexistro da Propiedade ten por obxecto a inscrición ou anotación dos actos e contratos relativos ó dominio e demais dereitos reais sobre

bens inmuebles. As expresadas inscripci3ns ou anotaci3ns faranse no Rexistro, en cuia circunscrici3n territorial radiquen os inmuebles.

Os asentos do Rexistro practicados nos libros que se determinan nos artigos 238 e seguintes, en canto se refiran 3s dereitos inscribibles, est3n baixo a salvagarda dos Tribunais e producen todos os seus efectos mentres non se declare a s3a inexactitude nos termos establecidos nesta Lei". No mesmo senso se manifesta o artigo 38 da mesma norma, cando di que a todos os efectos legais se presumir3 que os dereitos reais inscritos no Rexistro existen e pertencen 3 seu titular na forma determinada polo asento respectivo.

Foi a propia solicitante da licencia quen creou tal situaci3n presuntiva de bo dereito ou "fumus boni iuri", aparentando reunir t3dolos requisitos legal e regulamentariamente esixidos para obter o resultado desexado, como as3 quedou demostrado nos procedementos xudiciais civil e contencioso amplamente referidos; por tanto, e en consonancia coa forza de cousa xulgada da que gozan as resoluci3ns xudiciais firmes, as3 como coa funci3n positiva das mesmas (as3, v. Auto do Tribunal Supremo de 27 de novembro de 1991, Sala do Contencioso-Administrativo, Secci3n 5ª, RJ 1991/9170, que sinala que... "dada la funci3n positiva de la cosa juzgada, obliga a dictar en este proceso un fallo con id3ntico pronunciamiento al de la parte dispositiva del referido auto"), e consultada a doutrina xur3dica en relaci3n cos efectos das sentencias (v. RUIZ RISUEÑO, FRANCISCO, "El proceso Contencioso-Administrativo" Ed. Colex, 5ª edici3n, e por aplicaci3n anal3xica CORT3S DOM3NGUEZ, VALENT3N, e outros, "Derecho Procesal Civil", Ed. Colex, 3ltima edici3n), a Administraci3n resulta vinculada polo contido do fallo da sentencia contenciosa firme.

Atendendo 3s termos e condi3ns do artigo 103.2 e 3 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdic3n Contencioso-Administrativa; no uso das facultades atribuídas pola normativa vixente en materia de r3xime local (artigo 127.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do R3xime Local, e previo coñecemento do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo prop3nse 3 Xunta de Goberno Local eleve 3 Consello Consultivo de Galiza para a emisi3n do dictame previo sinalado no artigo 102.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro a seguinte,

PROPOSTA DE RESOLUCI3N

- 1.- Ratificar a Resoluci3n do Concelleiro-Delegado da 3rea de Urbanismo-Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 28.09.2004, pola que se procedeu 3 incoaci3n de expediente de revisi3n de oficio de licencia n3 35.668/421.*
- 2.- Desestima-las alegaci3ns presentadas en tr3mite de audiencia por Dª Nuria Caballero P3rez con data 29.10.2004 en atenci3n 3s fundamentos xur3dicos anteriormente expostos".*
- 3.- Declarar, en execuci3n da sentencia de 24 de xuño do 2004 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no recurso n3 287/2004, e 3 amparo do procedemento de revisi3n previsto no artigo 102 da LRPAC, a nulidade e, consecuentemente, a suspensi3n da vixencia e eficacia da licencia de obras outorgada a Dª Nuria Caballero P3rez por Acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 19.09.2002, autorizando a construcci3n dunha vivenda unifamiliar na R3a Pen3s, Cabral (Vigo).*
- 4.- Notificar a presente resoluci3n 3s interesados no expediente.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

33(1651).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
EGEA TORRON PILAR	0452591	246,11	230,31	15,80	
“	0452592	418,80	448,34		29,54
ESPADA RE CAREY LUIS	0449680	12.000,00	12.000,00		
GONZALEZ SOENGAS ARANZAZU	0450910	322,82	350,30		27,48
GONZALEZ UCHA JOSE MANUEL	0434124	150,00	144,89	5,11	
LAGE VEIGA RAFAEL	0426749	270,00	191,04	78,96	
MAGDALENA VILA MARIA XESUS	0435904	200,00	144,15	55,85	
OJEA PEREZ RAFAEL	0443584	400,00	399,99	0,01	
PINTADO GARCIA CARMEN	0453345	60,00	60,00		
RAMOS COVELO ALFONSO	0453341	900,00	879,82	20,18	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ROCHA PARAMES CESAREO	0445672	300,00	332,14		32,14
SIERRA ABRAIN MARIA	0450913	288,12	234,37	53,75	
“	0450914	227,78	109,98	117,80	
TOTAL			15.525,33		

34(1652).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN VECIÑAL VAMIÑO VELLO E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA NOITES VIVAS ATA O MES DE DECEMBRO. EXPTE. 1205/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe xurídicos e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 2.11.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega entre a Asociación Veciñal Camiño Vello e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa Noites Vivas, na sede de dita asociación, ata o mes de decembro do presente ano.

2º.- Aprobar o gasto de 1.400 € correspondente ó importe deste convenio, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

3º.- Librar a cantidade de 700 € á Asociación Veciñal Camiño Vello, correspondentes ó 50% do importe total do convenio á sinatura do mesmo e 700 € correspondente ó 50% restante ó remate do mesmo previa certificación de que as actividades obxecto do mesmo foron realizadas.”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2004

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Martinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn. Ventura Pérez Vila D.N.I. 36.026.719 como presidente da Asociación Veciñal Camiño Vello, C.I.F G-.36648186 .

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.

A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.

Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo en determinadas zonas da cidade como poden ser: Teis, Casco Vello, Coia, zona Centro e zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude.

Así e no caso concreto da zona de Coia que se corresponde coa zona de influencia da Asociación Veciñal Camiño Vello, é esta asociación , a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO no barrio, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de decembro do 2004.

B.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, reconece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” na zona de influencia da ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO que se incorpora a este convenio como ANEXO I.

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 1.400 € ,á ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO ,con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 en dous prazos: 50% á sinatura do presente convenio e 50% restante á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.-A ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade .

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación Xuvenil Abertal serán os encargados do seguimento da execución do convenio , sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL CAMIÑO VELLO, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación exisida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.

5.- A asociación comprométense ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de decembro do 2004.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro da programación de Noites Vivas na Asociación de Veciños Camiño Vello son as seguintes:

- Obradoiros de cocina
- Acceso a Internet

Todas estas actividades serán desenvolvidas en horario de 23:30 a 1:30 os venres, tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións da asociación, co obxecto de recibir ó público que desexe participar nas actividades programadas.

35(1653).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING E O CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA NOITES VIVAS ATA O MES DE DECEMBRO. EXPTE. 1203/336.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe xurídicos e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 2.11.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do convenio de colaboración que se achega entre a Asociación Veciñal Dr. Fleming e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento do programa Noites Vivas, na sede de dita asociación, ata o mes de decembro do presente ano.

2º.- Aprobar o gasto de 1.400 € correspondente ó importe deste convenio, para o cal existe consignación presupostaria con cargo á partida 4520.227.06.07.

3º.- Librar a cantidade de 700 € á Asociación Veciñal Dr. Fleming correspondentes ó 50% do importe total do convenio á sinatura do mesmo e 700 € correspondente ó 50% restante ó remate do mesmo previa certificación de que as actividades obxecto do mesmo foron realizadas.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DENTRO DO PROGRAMA “NOITES VIVAS”.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello a 2004

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. Corina Porro Masrtinez, como alcaldesa e en representación do Excmo. Concello de Vigo (C.I.F P-3605700-H), con enderezo na Praza do Rei s/n.

Doutra parte, Dn.José Ramón Mosquera Torres con D.N.I. 36.109.666 B, como presidente da ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, C.I.F G-.G-36.663.618

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas .

EXPOÑEN

O Concello de Vigo a través da concellería de Xuventude está a desenvolver o programa denominado Noites Vivas, alternativo ó consumo de ocio habitual centrado en bares e discotecas.

A posta en marcha de forma experimental durante o ano 1.999, cunha oferta de actividades novedosas, afianzou a posibilidade de apertura de centros públicos, como os pavillóns deportivos, durante determinadas horas da noite e madrugada.

Coa posta en marcha deste proxecto non se pretende modifica-los hábitos dos xoves, sinon buscar alternativas e novas opcións ó ocio, para alonxarse do aburrimiento e rutina, propoñendo para elo actividades culturais, recreativas e de ocio en centros alternativos.

Seguindo os pasos de cidades como Gijón, pioneiras na implantación de programas deste tipo, consideramos necesario a colaboración do tecido asociativo en determinadas zonas da cidade como poden ser: Teis, Casco Vello, Coia, zona Centro e zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude.

Así e no caso concreto da zona situada nas inmediacións da Casa da Xuventude que se corresponde coa zona de influencia da Asociación Veciñal Dr. Fleming , é esta asociación , a entidade coa que cotamos para colaborar no programa Noites Vivas.

Por tal motivo, e vista traxectoria de actividade que leva a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING no barrio, consideramos apropiado a súa inclusión como entidade colaboradora en parte do desenvolvemento deste programa.

A.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude,e a asociación antes mencionada, están interesados en colaborar no desenvolvemento do programa Noites Vivas, ata o mes de decembro do 2004.

B.- Que a ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, recoñece ó Concello de Vigo a iniciativa de animación sociocultural, e este, considera a citada asociación como entidade óptima para a súa colaboración na execución do Programa Municipal Noites Vivas, desenvolvendo actividades baixo a dirección e criterios da Concellería de Xuventude.

C.- Que as accións a conveniar terán carácter cultural e social dirixidas á xuventude da zona de influencia e dita asociación.

CONVEÑEN

1.- A organización e desenvolvemento do programa “Noites Vivas” durante os meses de novembro e decembro do presente ano, na zona de influencia da Asociación Veciñal Dr. Fleming, que se incorpora a este convenio como ANEXO I

2.- O Concello de Vigo, a través da Concellería de Xuventude, abonará a cantidade de 1.400 € ,á ASOCIACIÓN DR. FLEMING ,con cargo á partida 4520.227.06.07, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 20800132190040014400 EN DOUS PRAZOS: 50% á sinatura do presente convenio e 50% restante á finalización da actividade, previa certificación do cumprimento da mesma.

3.- A ASOCIACIÓN DR. FLEMING , deberá presentar unha memoria descriptiva unha vez rematada a actividade, onde figuren: os participantes por sesión, as actividades desenvolvidas, os materiais utilizados, o persoal destinado a cada actividade, as incidencias , así como a avaliación tanto dos participantes como do persoal que realizou as actividades, e a memoria económica da actividade .

O persoal técnico da Concellería de Xuventude xunto coa Asociación Dr. Fleming serán os encargados do seguimento da execución do convenio , sendo a Concellería de Xuventude a que certifique o seu cumprimento.

4.- A Asociación ASOCIACIÓN VECIÑAL DR. FLEMING, asume as seguintes obrigas:

a.- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público e participantes nas mesmas.

b.- Presentar no Concello os informes e documentación exisida na cláusula terceira e sexta do presente convenio .

c.- Asumi-las responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas que se financian.

d.- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

e.- Aboa-las taxas, impostos, dereitos de autor , e demais gastos derivados das actividades .

f.- O sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que poida efectua-lo Concello.

5.- A asociación comprométense ó coidado e mantemento das instalacións, deixándolas no seu estado orixinal, sendo súa a responsabilidade derivada do mal uso das mesmas.

6.- A Asociación participante deberá amosar feacemente a súa existencia xurídica, e polo tanto deberá presentar a seguinte documentación: fotocopia do CIF, certificado de non ter débedas co concello, certificado de estar ó corrente cos pagos a Facenda e Seguridade Social.

7.- No caso de dúbida na interpretación do presente convenio, o Concello de Vigo se reserva o dereito de interpretación do mesmo.

8.- O presente convenio terá unha duración ata o 31 de decembro do 2004.

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, o asinan e o rubrican, por duplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comenzo.

ANEXO I

As actividades a desenvolver dentro da programación de Noites Vivas nos meses de novembro e decembro na Asociación Veciñal Dr Fleming son as seguintes:

- Obradoiro de pendentes
- Repuxado de Coiro
- Carteiras de Cómic
- Internet
- Torneo xogos en rede
- Sala multiusos: xogos de mesa, TV e video, tetería e infusións, dardos electrónicos

Todas estas actividades serán desenvolvidas en horario de 22:00 a 1:00 os venres, tempo que deberán permanecer abertas ó público as instalacións da asociación, co obxecto de recibir ó público que desexe participar nas actividades programadas.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

36(1654).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IES MANUEL ANTONIO E O CONCELLO DE VIGO PARA O ALUGUEIRO DE INSTALACIÓN DO DEPARTAMENTO DE HOSTALARÍA DO DEVANDITO CENTRO. EXPTE. 1835/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 15.12.04 e de acordo co informe-proposta da técnica en funcións do Servizo da Muller, do 27.11.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de “Convenio entre o IES Manuel Antonio e o Concello de Vigo para o alugueiro de instalacións do departamento de hostalaría do devandito centro”.

2º.-Autorizar a Dª Lucia Molares Pérez, concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local-Muller, a que asine este convenio en representación do Concello de Vigo.

CONVENIO Nº.....

Dunha parte:

*D. Elias Carlos Cotobande Tombo con DNI. 35.992.456-D como director/a do centro educativo I.E.S “Manuel Antonio”, localizado en Avda. De Madrid, S/N- Vigo provincia de Pontevedra, apt.correos 3138. Código de identificación fiscal Q8655094 D,
Teléfono 986 273800*

E doutra:

D/DªLucía Molares Pérez con DNI 36070250-V como representante legal Do Concello de Vigo,Rúa/ prazaPraza Do Rei S/N código postal 36202 Código de identificación fiscal P-36005700-H, Teléfono 986 810284 Fax 986 430082

EXPOÑEN

- Que ámbalas dúas partes recoñecense reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar.
- Que o obxectivo do presente CONVENIO é a colaboración entre as entidades ás que representan para o aluguer das instalacións do departamento de hostelería.
-

ACORDAN

Suscribi-lo presente CONVENIO de colaboración para o aluguer das instalacións do departamento de hostelería para o período comprendido entre o 1/12/2004 e o 30/11/2005 que ámbalas dúas partes coñecen e acatan, e de conformidade coas cláusulas que figuran no dorso deste documento.

CLÁUSULAS

PRIMERA.- O Concello de Vigo comprométese a facer uso dos obradoiros de prácticas e das instalacións do departamento de hostelería na data e horas fixadas, sempre e cando non alteren o horario lectivo dos ciclos formativos.

SEGUNDA.- O Concello de Vigo comprométese unha vez rematada a actividade, a deixar as instalacións nas medidas de hixiene e orde axeitadas en cada caso.

TERCEIRA.- Todo aquel material ou maquinaria que sofra rotura, anomalía ou furto, será automaticamente reparado ou abonado, no seu caso.

CUARTA.- O Concello de Vigo nomeará un responsable para a coordinación das actividades a realizar no centro educativo.

QUINTA.- O Concello de Vigo non poderá dispoñer das mercadorias e alimentos que se almacenen no departamento de hostelería. Senon que se proveerá dos seus propios alimentos.

SEXTA.- O centro educativo queda eximido da responsabilidade de accidentes laborais ou outras contingencias nas que poidan verse afectadas aquelas persoas que estén facendo uso dos obradoiros e das instalacións.

SÉPTIMA.- O presente convenio poderase extinguir por expiración do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia de algunha delas, que será comunicada á outra cunha antelación mínima de quince días e baseada en algunha das seguintes causas:

- a) Cese de actividades do centro docente, ou institución colaboradora.
- b) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- d) Mutuo acordo entre as partes
- e)

En Vigo a 27 de novembro 2004

O DIRECTOR DO CENTRO EDUCATIVO

O REPRESENTANTE DO
CONCELLO DE VIGO

Asdo.....

Asdo.....

37(1655).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO DE ANIMAIS. EXPTE. 2959/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.11.04 e de acordo co informe-proposta do técnico supervisor de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, do 1.12.04, conformado polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo para a recollida de animais soltos e atención do centro de recollida ou refuxio de animais, que de seguido se transcribe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A SOCIEDADE PROTECTORA DE ANIMAIS E PRANTAS DE VIGO PARA A RECOLLIDA DE ANIMAIS SOLTOS E A ATENCIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA OU REFUXIO E ANIMAIS (EXPTE. 2959/306).

Vigo,

Perante miña, Xosé Manuel Lorenzo Penela, Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo

REUNIDOS

Dunha parte, a Ilma. Sra. Dna. Corina Porro Martínez, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, que actúa en nome e representación do mesmo.

E doutra, Dna. Amparo Roger Piñeiro, con enderezo na rúa Padre Don Rúa 5-7º F, con D.N.I. nº 35.812.518, actuando en representación da Sociedade Protectora de Animais e Prantas, inscrita no Rexistro Provincial do Goberno Civil de Pontevedra có nº 58, de 07/09/76, C.I.F. nº G-36.638.955, en virtude das atribucións contidas no artigo 31, apartado e) dos seus Estatutos.

MANIFESTAN

□ *A Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade da comunidade Autónoma de Galicia, ten por obxecto establecer as normas para a protección dos mesmos.*

- ❑ *Aparte das consideracións xerais, no seu Capítulo V, ao referirse aos animais abandonados, sinala a obriga dos Concellos de recoller os animais abandonados ata que sexan reclamados, acollidos ou sacrificados.*
- ❑ *O mesmo Capítulo V, artigo 12º.1, faculta que para o cumprimento anterior, as administracións locais poden concertar convenios de colaboración ou cooperación coas asociacións protectoras de animais, por un periodo mínimo de tres anos, prorrogables.*
- ❑ *O Título II do mesmo texto, referido ás asociacións protectoras de animais, as define como aquelas constituídas legalmente, sen fin de lucro, que teñan por obxecto fundamental a defensa e protección dos animais, sendo consideradas de utilidade pública e benéfico-docentes.*
- ❑ *A Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo, está inscrita no Rexistro Provincial do Goberno Civil de Pontevedra có nº 58 de data 07/09/76, e os seus fins coinciden exactamente cós que establece o Título II da Lei 1/1993, mencionado nos apartados anteriores.*
- ❑ *Que ambas dúas partes recoñécense competencia e capacidade para formalizar o presente convenio de colaboración, unha vez aprobado polos órganos correspondentes, coas seguintes:*

CL A Ú S U L A S

Primeira.- A sinatura deste convenio de colaboración implica a anulación de mutuo acordo do anterior convenio, que se aprobara polo Pleno desta corporación municipal en sesión do día 31 de agosto de 2000 por catro anos, rematando o pasado día 31 de agosto de 2004.

Segunda.- O presente convenio ten por obxecto a prestación dos servizos necesarios por parte da Sociedade Protectora de Animais e Prantas, para a recollida, albergue, custodia, coidado e alimentación de animais abandonados nas instalacións municipais sitas na Madroa, coidando as instalacións e especialmente os aspectos hixiénico-sanitarios das mesmas, sempre baixo a supervisión dos técnicos municipais e a superior autoridade da Alcaldía-Presidencia.

Terceira.- O prazo de duración do presente convenio establécese por un período de TRES ANOS, contados a partir da data de aprobación pola Xunta de Goberno Local, sendo prorrogable por un período máximo dun ano por acordo expreso da Xunta de Goberno Local e cunha antelación mínima de, alomenos, tres meses a contar dende a data de expiración do convenio.

Cuarta.- A Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo obrígase polo presente convenio ao seguinte:

- a) Ao albergue, custodia, coidado e alimentación da totalidade dos cans e demais animais que se alberguen nas instalacións do centro de recollida, especialmente dos feridos ou maltratados, tanto os entregados por particulares como polos servizos municipais.*
- b) A recollida dos animais abandonados que se atopen vagando polo termo municipal de Vigo farase segundo os puntos que seguen:*
 - b) 1. Durante a xornada laboral do laceiro municipal, de 8:30 a 13:30 horas, a Sociedade Protectora prestará un servizo de apoio en casos de urxencia. Este será determinado polo responsable do servizo de Medio Ambiente.*

- b) 2. *Os sábados, domingos e festivos, ou durante o período de vacacións ou ausencia xustificada do laceiro municipal (previo aviso do departamento de Medio Ambiente), a Sociedade Protectora asumirá en horario de mañá o servizo na súa totalidade.*
- b) 3. *O resto da xornada os traballos de lacería serán desempeñados pola Sociedade Protectora de Animais.*
- b) 4. *Durante a noite a Sociedade Protectora deberá atender os casos urxentes que sexan remitidos pola Policía Local.*
- b) 5. *Nos casos de agresividade ou especial peligrosidade dos animais abandonados a Sociedade Protectora contará coa colaboración dos servizos municipais adecuados.*
- c) *A recollida dos animais realizarase mediante un vehículo adecuado e con toda a dotación material suficiente para desenvolver os traballos especificados no punto anterior. Este vehículo permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación, e estará ao corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelado en materia de inspección técnica, pólizas de seguros, impostos, etc.*
- d) *Ao sacrificio, mediante procedementos eutanásicos, dos animais enfermos crónicos ou incurables, así como os que padezan enfermidades transmisibles ao ser humano ou aos outros animais.*
- e) *Ao coidado, atención e vixilancia dos animais aillados ou en observación no recinto, cando as circunstancias así o requiran ou o determinen os facultativos do servizo que os controlaran sanitariamente.*
- f) *O cumprimento en xeral da normativa establecida ou que se estableza sobre as medidas hixiénico-sanitarias relativas aos cans e demais animais.*
- g) *A recollida e retención no centro efectuarase sempre en condicións totalmente compatibles cós imperativos biolóxicos da súa especie.*
- h) *Poñer a disposición da Administración Municipal a documentación relativa aos cans e outros animais relacionada directa ou indirectamente co obxecto do convenio.*
- i) *Levar a documentación necesaria relativa á entrada e admisión dos animais, vacinacións, sacrificios, identificación, etc., especialmente cando o determinen os servizos técnicos municipais en razón da seguridade, hixiene e control da poboación animal.*
- j) *Especial cumprimento das instrucións e ordes que dicte o persoal facultativo dos servizos veterinarios en relación cós animais que causasen lesión ou resulten sospeitosos de padecer enfermidades contaxiosas.*
- k) *Ao implante electrónico (microchip) realizado polo seu veterinario, en cumprimento do artigo 12 da ordenanza municipal para a protección e tenencia de animais, nos cans e gatos que a Sociedade Protectora destine a cesión ou doazón. No caso dos animais que a Sociedade Protectora devolva aos seus lexítimos propietarios, e que non estean identificados por este ou ningún método, solicitará o seu permiso para imprantarlles o microchip; de se negar, informaráselles que o Concello iniciará de oficio o oportuno expediente sancionador, dándoselle, ademais, o prazo legal para proceder á identificación do animal. Pola implantación deste microchip poderá percibir a cantidade corresponde ao prezo de mercado. Os datos destes animais identificados pasarán a formar parte do arquivo municipal.*

l) A Sociedade Protectora entregará aos seus donos os cans aos que teñan dereito a reclamar nun prazo de 20 días seguintes á súa captura, transcorrido o cal, poderán darlle o destino que se considere oportuno.

m) Será de conta da Sociedade Protectora de Animais dispor do persoal necesario e adecuado para o cumprimento das obrigas establecidas no presente convenio, incumbíndolle tamén o cargo das obrigas sociais, laborais, económicas e fiscais que correspondan, sen que o incumprimento destas implique responsabilidade ningunha para o Concello.

n) A Sociedade Protectora de Animais non poderá percibir dos particulares taxas nen contraprestación ningunha polos servizos que se establecen neste convenio.

o) A Sociedade Protectora de Animais disporá dos servizos profesionais dun Veterinario.

Quinta.- A Sociedade Protectora de Animais e Prantas terá dereito a:

a) A utilización da superficie, edificación e instalacións da propiedade municipal emprazada no monte de “A Madroa” para o cumprimento dos fins previstos no presente convenio. Quedarán excluídos deste convenio os terreos ocupados pola incineradora no momento en que o Concello decida facerse cargo desta instalación.

b) A que a Administración Municipal realice pola súa conta as reparacións, reposicións ou modificacións nas instalacións que se consideren necesarias para o mantemento das mesmas e a súa correcta funcionalidade, exceptuando aqueles casos que deriven de danos por negligencia ou a actuación dolosa do persoal da Sociedade Protectora.

c) Recibir a protección municipal precisa para o mellor cumprimento da normativa aplicable aos animais.

d) O Concello aportará á Sociedade Protectora de Animais e Prantas unha cantidade anual de 48.120 euros (corenta e oito mil cento vinte euros), a percibir en doce mensualidades, a razón de 4.010 euros (catro mil dez euros) mensuais a partires do 1 de xaneiro do vindeiro 2005. No mes de decembro do ano 2004 o Concello satisfará unha cantidade única de 16.040 euros (dezaseis mil corenta euros) en concepto das mensualidades correspondentes aos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do presente ano que deberá acreditar o cumprimento íntegro do mesmo. Para os pagamentos deberá acreditarse o cumprimento íntegro do convenio.

e) A dispor da subministración gratuita de auga, luz e teléfono, así como do material combustible necesario para o sacrificio indoloro e incineración dos animais nas instalacións do centro. Estes gastos serán asumidos polo Concello, trala previa presentación das facturas correspondentes segundo o caso.

f) Serán da propiedade da Sociedade Protectora os animais que os donos voluntariamente lle cedan, así como os que lle entreguen os servizos municipais, cumprindo, en todo caso o sinalado na cláusula i) do presente convenio.

g) Reservaselle á Sociedade Protectora de Animais a cesión ou donación daqueles animais que pola súa idade, destreza, entramento ou beleza sexan de interese, coa única salvedade de respetar o prazo previsto para a súa reclamación polos donos que o acrediten, así como que non estean suxeitos a retención ou observación por disposición administrativa ou xudicial.

h) A Sociedade Protectora de Animais non poderá establecer convenios nen concertos puntuais con propietarios ou posuidores de animais para a exclusiva custodia ou garda de cans mediante precio. Tampouco poderá concertar a custodia ou mantemento de animais con outras entidades, tanto públicas como privadas.

Sexta.- Os gastos imputables a cada exercicio faranse a cargo da partida orzamentaria 4450.227.06.04 “Recollida de cans (Convenio Protectora)” polos gastos derivados das mensualidades do convenio, segundo se especifica na cláusula quinta, letra d) deste convenio. Asemade, o gasto derivado do combustible farase con cargo á partida orzamentaria 4450.221.03.00 “Combustible para a caneira da Madroa”, consonte ao disposto na cláusula quinta, letra e).

Sétima.- A Sociedade Protectora de Animais estará obrigada a satisfacerlle á Administración Municipal a indemnización correspondente aos danos e perxucios que ocasionen por culpa, negligencia ou actuación dolosa nos bens e instalacións municipais no centro ou aos animais nel aloxados. Tamén está obrigada a concertar as pólizas de responsabilidade civil necesarias para cubrir calquera incidente que se poida producir derivado da correcta prestación do servizo.

Oitava.- Constituirán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- a) O incumprimento grave das obrigas adquiridas pola Sociedade Protectora de Animais e Prantas e, en especial, nas establecidas en cuestións hixiénico-sanitarias dictadas pola Administración.
- b) A falta ou insuficiencia notoria de medios, persoal ou materiais para o cuidado, atención ou manutención dos animais que poidan chegar a entrañar risco sanitario.
- c) Impedir ou dificultar as tarefas de inspección ou control dos servizos municipais.
- d) A falta de cumprimento reiterado das obrigas das partes contidas no presente convenio.

Co visto e praxe de ambas dúas partes có contido do presente convenio, suscríbese o mesmo por triplicado no lugar e data indicada.

38(1656).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA COLABORAR NOS CURSOS DO MÁSTER DE EDUCACIÓN E IGUALDADE DE XÉRERO E POLÍTICAS DE IGUALDADE. EXPTE. 1819/224.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.12.04, e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina de Funcións, do 25.11.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o Convenio específico de colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Universidade de Vigo, que de seguido se transcribe:

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO

En Vigo a 10 de setembro de 2004.

REÚNENSE

Dunha parte o Excmá Sra. D^ª. Corina Porro Martínez, Alcaldesa do Excmo. Concello de Vigo, que actúa en nome e representación deste, segundo establecen os artigos 21.1.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1.a) da Lei 5/97 do 22 de xullo, da administración local de Galicia, asistido do Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local Don Manuel Xosé Lorenzo Penela para dar fe do acto.

E por outra o Excmo. Sr. Rector Magfco. da Universidade de Vigo, don Domingo Docampo Amoedo, nomeado segundo o Decreto núm. 185/2002, actuando en calidade de representante desta entidade, segundo establece o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades e o artigo 59, apartados a) e d) dos Estatutos da Universidade de Vigo.

Ambas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e recoñécense mutuamente capacidade legal necesaria para o outorgamento deste convenio e ó efecto

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a promoción de iniciativas favorables á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, estase a converter en preocupación prioritaria dos poderes públicos, responsables de garantir a tódolos/as cidadáns/cidadás os dereitos fundamentais, polo que o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo queren favorecer, a través deste convenio, a implantación dunha formación sólida en políticas de xénero e coa capacidade para detectar as varias manifestacións do sexismo en distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDO.- Que o II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades para homes e mulleres, 2003-2004, xa previa a necesidade de impulsar medidas para garantir plenamente os dereitos e liberdades das mulleres, e especialmente aquelas tendentes a erradicar a violencia da que son vítimas.

TERCEIRO.- Que o Excmo. Concello de Vigo e a Universidade de Vigo consideran básico o establecemento das accións necesarias tendentes a conquistar a devandita igualdade de xénero e evitar a indefensión e desigualdade material que veñen padecendo as mulleres en moitos ámbitos da vida.

Que ámbalas dúas institucións estean interesadas na promoción de accións formativas e de investigación, así coma no fomento da realización de actividades e proxectos de carácter práctico que axuden a orientar e a impulsar o transcendental papel que lle corresponde desenvolver á muller no futuro dos diversos ámbitos da sociedade, da economía e da cultura do Concello de Vigo.

CUARTO.- Que de acordo ca Lei 7/85 de bases de réxime local e a Lei 5/97 da administración local de Galicia corresponde ós concellos a promoción e a execución de programas destinados á muller.

En resposta ó artigo 9.2 da Constitución, o Excmo. Concello de Vigo, a través da Concellería da Muller, vén desenvolvendo programas, no ámbito das súas competencias, coa finalidade de garantir a calidade de vida das mulleres e unha orde social máis xusta, promovendo as condicións para que a igualdade das mulleres sexa real e efectiva, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude no ánimo de acadar a xustiza social.

QUINTO.- Que o 12 de xullo de 1999, creouse a Cátedra Caixanova de Estudos Feministas, coa finalidade de mellorar os niveis de benestar e calidade de vida da muller, a través da axeitada orientación das actividades realizadas por iniciativas públicas ou privadas, nos ámbitos formativo, sanitario, asistencial, de asesoramento, etc. dirixidas a este colectivo.

A cátedra ten entre os seus obxectivos principais a formación de investigadores/as da Universidade de Vigo nos campos antes citados, constituíndose deste xeito nun potencial elemento de creación de emprego directo dentro da Universidade e indirecto fóra dela.

SEXTO.- Que, pese ós trocos experimentados nos últimos anos, aínda subsisten desigualdades reais entre mulleres e homes que operan en prexuízo do colectivo feminino.

En consecuencia, e coa finalidade de facer realidade e poñer en práctica os obxectivos expostos, as partes comparecentes determinan subscribir ó presente CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN de acordo cas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto deste convenio é regular a colaboración entre as dúas entidades para fomentar a investigación, a formación en estudos feministas dende unha perspectiva interdisciplinaria, a incorporación da óptica feminista en tódalas áreas de coñecemento e a constitución dunha plataforma de reflexión nos ámbitos académico e cidadán dende perspectivas feministas que apoiem o proceso de incorporación da muller, en condicións de plena igualdade, nas diversas facetas e actividades da vida económica, social e cultural do Concello de Vigo.

SEGUNDA.- Con esa finalidade o Concello de Vigo comprométese, nos termos previstos no presente convenio, ó financiamento de actividades conxuntas coa Cátedra Caixanova de Estudos Feministas.

A actividade financiada consistirá no Master en Educación en Igualdade de Xénero e Políticas de Igualdade, e en dous cursos de especialización: “Especialista en Educación de Xénero” e “Especialista en Políticas de Igualdade”. A súa realización estará supeditada ó acordo previo entre as partes firmantes deste documento.

TERCEIRA.- A cátedra comprométese a presentar ante a Concellería da Muller un proxecto relativo as posibles actividades a desenvolver no ámbito deste convenio.

Dito proxecto constará dos seguintes apartados:

- Denominación do programa ou actividade e tempo de duración do mesmo.
- Ámbito de actuación do programa e destinatarios.
- Fases, obxectivos, metodoloxía e método de avaliación que se vai empregar.
- Presuposto e persoal responsable.
- Unha Memoria final detallada de tódalas actividades realizadas, así como a poboación receptora delas. Esta memoria deberá ter unha parte de avaliación de resultados, especificando os obxectivos acadados e os que faltan por acadar, así como unha xustificación dos gastos.

CUARTA.- O concello comprométese a aportar 6000 euros, con cargo á partida orzamentaria 4632-2270606. Destinarase á realización das actividades que se desenvolvan coa cátedra, no ámbito de aplicación do presente convenio de colaboración e de acordo coa finalidade e obxectivos especificados na Cláusula primeira. A cantidade

que se porá a disposición da Universidade, nun só pago, deberá ser xustificada previamente coa relación de alumnos/as de Vigo, matriculados polo órgano competente da Universidade.

QUINTA.- A Universidade de Vigo comprométese a destinar ós fins acordados o financiamento que destine o Concello de Vigo destacando en lugares ben visibles o seu patrocinio en tódolos carteis, folletos, actos académicos e científicos e comunicacións de todo tipo, prensa, radio, televisión, internet, videoconferencias, etc. derivados do funcionamento da citada cátedra nas actividades conxuntas acordadas, así como nas publicacións que resulten dos seus traballos.

SEXTA.- A vixencia deste convenio será dun ano dende a data de asinación do mesmo, podendo renovarse, nas mesmas condicións ou noutras distintas, tralo acordo entre as partes que o subscriben. Dita renovación supeditarase, en toso caso, ó cumprimento pola cátedra dos obxectivos xerais que figuran neste convenio.

SÉTIMA.- O ámbito de aplicación do presente convenio abarcará o Termo Municipal de Vigo.

OITAVA.- A subscrición do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera tipo entre o persoal da Universidade de Vigo e o Concello de Vigo, de tal forma que non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento das súas actividades.

NOVENA.- O presente convenio ten natureza administrativa e as dúbidas que se presenten na súa interpretación, execución e solución de controversias serán resoltas pola Comisión Mixta, sendo os seus acordos de inmediata execución.

DÉCIMA.- Para o seguimento e aplicación do recollido neste convenio, créase unha Comisión Mixta que estará integrada pola Concelleira da Muller, o Vicerrector da Universidade de Vigo, e as persoas que designen. Todos poderán delegar en quen teñan por conveniente.

Son funcións básicas da Comisión Mixta de Seguimento:

- *Velar pola calidade das actividades que se desenvolvan ó abeiro deste convenio.*
- *Efectuar un seguimento sobre o cumprimento dos obxectivos acordados por ámbalas dúas institucións no presente documento.*
- *Cantas outras se consideren necesarias para a axeitada aplicación do estipulado no convenio.*

UNDÉCIMA.- Son causas de resolución do presente convenio:

- *O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas.*
- *A desviación dos fondos outorgados para outro fin distinto do que motivou a concesión.*
- *O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.*
- *O impedimento ou a dificultade á inspección do concello en caso de que esta se produza.*
- *Calquera outra causa que impida a correcta aplicación do convenio.*

En proba de conformidade, asínase este acordo en exemplar duplicado no lugar e data indicados ó comezo deste documento.

39(1657).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DE VIGO PARA A PROMOCIÓN DO COMERCIO COMO PRODUCTO TURÍSTICO. EXPTE. 1560/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 9.12.04, conformado pola concelleira delegada de dito Servizo e pola interventora xeral, que di o seguinte:

A cidade de Vigo recibe ó cabo do ano un total de case 3 millóns de excursionistas, a meirande parte deles, procedentes do país veciño Portugal. As estatísticas amosan que máis do 90% deste excursionismo ten como un dos principais motivacións da viaxe as compras que veñen a realizar á cidade.

Por este motivo, Turismo de Vigo está a intentar comercializar un produto turístico fundamentado nun turismo de cidade, que combina o turismo cultural e o turismo de compras. Con este obxecto, a Concellería ven de lanzar a tarxeta turística, na que se ofrecen importantes descontos nos museos da cidade e en máis de 90 establecementos comerciais, co fin de fomentar o acto de compra lúdica, tentando mediante a promoción do comercio de calidade, que os excursionistas que visitan a cidade por un día tendan a prolongar a súa estadía Vigo e se incremente a estancia media por persoa e, por tanto, o gasto turístico medio por cada persoa que visite a cidade.

Precisamente, aproveitando as datas do Nadal, Turismo de Vigo pretende converter a cidade de Vigo no centro neurálxico das compras co gallo destas festas, de modo que se poidan promocionar os establecementos comerciais.

A Asociación de Comerciantes de Vigo, con este fin, porá en funcionamento unha campaña, que será anunciada en diferentes medios de comunicación da cidade e en medios portugueses para promocionar o acto de compra nestas festas.

A campaña estará dirixida tanto ós turistas que visitan a nosa provincia de forma individual, como os grupos que se desprazan con turoperadores. Trátase que cada un dos visitantes reciban un trato personalizado cando se acheguen a calquera dos establecementos adheridos a esta iniciativa.

A oferta comercial da cidade, moitas veces pensada soamente en clave dos cidadáns que viven en Vigo, debe converterse en un auténtico recurso turísticos, con gran capacidade de atracción mediante a súa promoción e comercialización nos distintos canles turísticos, como un auténtico paquete turístico.

Procederase ó sorteo entre os clientes que efectúen as súas compras en establecementos da cidade de importantes premios: coches, viaxes, bicicletas, electrodomésticos, etc., para incentivar a realización de compras nestes establecementos durante as festas.

Repartiranse máis de tres millóns de rifas para participar nesta campaña, para o sorteo de máis de cen regalos.

A campaña estará presente publicitariamente en distintos soportes como carteis, rifas, carteis de mupis, cuñas de radio, anuncios en prensa, co obxecto de que o obxectivo desta promoción sexa o máis amplo posible, extendéndose ó país veciño Portugal as accións publicitarias, co fin de captar ós posibles excursionistas que visiten a nosa cidade por mor das compras.

A celebración deste tipo de promocións ten un indudable interese social e económico, polo impacto que o pequeno comercio ten na economía local da cidade e pola transcendencia que ten para o sector turístico a comercialización de novos produtos turísticos, que contribúen a diversificar a oferta turística da cidade.

A promoción e comercialización do turismo de compras contribúe ó fortalecemento do sector turístico e incentiva ós empresarios para a mellora dos servicios que ofrecen ós consumidores. Este incentivo entra de cheo nas competencias previstas para as corporacións locais en materia de promoción do turismo, tal e como se prevé na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local 7/1985, no seu artigo 25.2.m).

A Lei 38/2003, de 19 de febreiro, Xeral de Subvencións, prevé no seu apartado 2 da Disposición Transitorio Segunda, que os procedementos que se tramiten durante o período que media entre a entrada en vigor da citada norma e o 19 de febreiro de 2005, se lles poderá aplicar a normativa vixente sobre subvencións de cada administración.

Por tanto, ó abeiro de todo o exposto e ó abeiro da Base 38ª das de Execución do Presuposto e do Regulamento de Subvencións, aprobado por acordos plenarios de 30 de novembro de 1988, e de 30 de marzo de 1989, e a Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004, esta Concellería propón a concesión dunha subvención de 3.600€ (IVE incluído), a favor da Asociación de Comerciantes de Vigo, con CIF: G-36.810.190, para contribuír ós gastos da campaña de promoción do pequeno e mediano comercio como produto turístico, que se desenvolverá na cidade a partir de mediados de decembro.

En todo caso, a Lei 38/2003, de 19 de febreiro, Xeral de Subvencións, regula no seu artigo 22 a posibilidade de conceder de forma directa, é dicir, sen someterse a convocatoria pública, aquelas subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

En canto ó sometemento da subvención ó réxime de concurrencia competitiva, hai que dicir que quen organiza esta campaña e a Asociación de Comerciantes de Vigo, é dicir, a asociación sen ánimo de lucro, que representa a máis de 300 asociados do sector.

Por todo o antedito, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral, que adopte o seguinte acordo:

1º.- Conceder unha subvención de 3.600€ (IVE incluído) a favor da Asociación de Comerciantes de Vigo, con cargo á partida “Subvención de Actividades”, número 7510 4700201, da Concellería de Turismo, do presuposto prorrogado actualmente en vigor.

2º.- A Asociación de Comerciantes de Vigo deberá incluír o logotipo da Concellería de Turismo en todo o material que se edite co gallo desta campaña.

3º.- A Asociación de Comerciantes de Vigo será a encargada da contratación con terceiros para a realización de todas as actuacións programadas durante a campaña, non existindo ningunha relación contractual nin de responsabilidade por parte do Concello polo mero feito de subvencionar a actividade.

4º.- En canto ó cobro da subvención, éste estará supeditado ó cumprimento da obriga de aportar facturas orixinais polo importe da subvención concedida, tal e como se esixe na Base 38ª das de execución do Presuposto Municipal para a ano 2004. Asimesmo, as facturas que se presenten, xustificativas da subvención concedidas, deberán reunir os requisitos previstos no Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula a obriga de expedir facturas.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

40(1658).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO DE REPAVIMENTACIÓN DAS RÚAS GRAVINA E CHURRUCA. EXPTE. 42286/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 17.12.04, conformado polo concelleiro de Servizos Xerais, que di o seguinte:

O proxecto "Repavimentación das Rúas Gravina e Churruca", foi redactado pola Ingxeñería Planes Estratégicos Territoriais de Transportes y Ambientais, PETTRA, e subscrito polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Santiago López Fontán en decembro 2004.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para la humanización das mencionadas rúas, asimilando os acabados e alineacións ó contemplado no Plan de Reordenación do Entorno de Urzáiz.

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 299.339,67 € (DOUSCENTOS NOVENTA E NOVE MIL EUROS CON SESENTA E SETE CENTIMOS).

O proxecto inclúe o correspondente estudio de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

Na súa memoria faise mención expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no sentido previsto no artigo 127.2 do Regulamento Xeral de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, e tamén se recolle que o proxecto foi redactado atendendo ás normativas técnicas urbanísticas e medioambientais aplicables ó cumprir co esixido nos artigos 124 e 125 da Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xuño.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte proposta:

Aprobar tecnicamente o proxecto de "Repavimentación das Rúas Gravina e Churruca" cun presuposto base de licitación de 299.339,67 € (DOUSCENTOS NOVENTA E NOVE MIL EUROS CON SESENTA E SETE CENTIMOS).

41(1659).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez